**Primeiro.-** A AGRUPACIÓN comprométese ao desenvolvemento dos programas “**VENTE CON NOS**” e “**SEMANA DO TEATRO AFECCIONADO**”, que acolle un ciclo de actuacións de música e danza tradicional e a Semana de Teatro Afeccionado, asumindo as seguintes obrigas:

1.- Cumprir o programa obxecto deste convenio de acordo co proxecto que se achega ao presente documento, no cal:

a) Participarán 20 grupos artísticos de música e danza tradicional e 5 grupos de teatro, pertencentes ás entidades asociadas á Agrupación que se indican no proxecto.

b) O número total de actuacións de música e danza tradicional con cargo ao presente convenio será de 40 (coarenta), dúas actuacións por entidade. En canto á Semana de Teatro afeccionado é de 5 (cinco) actuacións de teatro, unha actuación por entidade. Estas actuacións distribúense da seguinte forma:

- 10 actuacións para atender as solicitudes de asociacións ou entidades da cidade.
- 15 actuacións día Internacional da Danza.
- 15 actuacións de libre disposición para actos organizados pola Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo.

c) Establécense dúas categorías para actuacións de **música e danza tradicional**:

Categoría A (17 entidades, 320 € por actuación) e categoría B (3 entidades, 180 € por actuación). O importe total dos grupos folclóricos ascende a 11.960 €, sendo a proposta da Agrupación a seguinte:

**CATEGORIA A: 640 € por grupo (correspondente a dúas actuacións)**

Grupo de Baile “Lembranzas Galegas”

Grupo de Baile “Traspés”

Grupo de Baile “CRAC de Coruxo - A Buxaina”

Grupo de Baile “O Fiadeiro”.

Grupo de Baile “Asubío”

Grupo de Baile “Andarela”

Grupo de Baile “Frores Novas

Grupo de Baile “Cabral”

Grupo de Baile “A.F. Corisco”

Grupo de Baile: A.C. “O Coto”

Grupo de Baile: A.F. “Queixumes”

Grupo de Baile: C.S.C.R de “Beade”

Grupo de Baile “Helios de Bembrive”

Grupo de Baile “Os ventos de Comesaña”

Grupo de Baile “Atlántida de Matamá”

Grupo de Baile “C.C.A.R. de Valladares”

Grupo de Baile “A. Monteiro”

**CATEGORIA B: ( 360 E por grupo (correspondente a dúas actuacións)**

Grupo de Gaitas “CCA Rueiro de Coia”

Grupo de Gaitas “A.X. De Tempo Libre Vagalume”

Grupo de Gaitas “S.C. Pardavila”

*Establécese un importe por actuación dos grupos de teatro de 500,00 euros, sendo o importe total dos grupos de teatro de 2.500 €.*

*Grupo de Teatro "Tarantela Beade"*

*Grupo de Teatro "S.C.R. Atlántida de Matamá"*

*Grupo Teatro Escolidade*

*Grupo Porta Aberta Teatro.*

*Grupo de Teatro "Rueiro"*

*d) Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación dos grupos (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras...).*

*e) O orzamento de gastos dos programas ascende a 16.910,00 euros, sendo os gastos de coordinación: 2.450,00 € e correspondendo 14.460 € ás corenta actuacións de grupos e ás cinco actuacións de teatro.*

*O Concello ten previsto unha aportación de 13.500 euros co cargo a partida 3380.489.0010 do seu vixente orzamento; e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ten prevista unha aportación de 3.410,00 euros, tal e como se recolle no orzamento de gastos e ingresos incorporado a este expediente.*

*2.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento das actuacións comprendidas no convenio, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.*

*3.- Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.*

*4.- Distribuír entre os grupos artísticos participantes, ou no seu caso ás entidades vinculadas a estes, as "certificacións de actuacións" que se inclúen como "Anexo II" ao convenio, que terán que ser formalizadas polas entidades receptoras das actuacións.*

*5.- Editar e distribuír o material gráfico divulgativo do programa. En todos os casos deberá aparecer o logotipo do CONCELLO como patrocinador das actividades.*

*6.- Verificar que as entidades beneficiarias receptoras das actuacións dispoñen dos permisos e autorizacións necesarios para a realización das mesmas.*

*7.- As previstas como entidade beneficiarias da subvencións conforme ao previsto no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asumindo todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.*

**Segundo.-** *As entidades beneficiarias que soliciten a actuación dunha agrupación artística deberán asumir os seguintes compromisos:*

*a) Distribuír o material gráfico divulgativo que se envíe dende o CONCELLO, se é o caso, e incluír o logotipo do CONCELLO naquel material que edite a propia entidade.*

*b) Xestionar e aboar o importe correspondente dos dereitos de autor que se deriven da actuación.*

*c) Formalizar a "Certificación de actuación", conformada pola entidade receptora da actuación, indicando as posibles incidencias acontecidas no seu desenvolvemento e suxestións relativas a mesma.*

d) *Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.*

e) *Presentar a actuación facendo unha mención ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidade/s que organizan, colaboran e patrocinan.*

f) *Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións*

g) *Dispor dos seguros e coberturas de risco suficientes que garanten os posibles danos ocasionados como consecuencia da actividade.*

**Terceiro.-** *O CONCELLO, pola súa parte, comprométese a:*

1.- *Programar as datas e lugares das actuacións, segundo os criterios estipulados na cláusula vixésimo segunda.*

2.- *Comunicarlle á Agrupación os lugares, datas e horas das actuacións autorizadas, cunha antelación mínima de 15 días naturais, e 5 días naturais para aquelas outras actuacións en actos oficiais.*

*Se a data estivera dispoñible e non comprometida con outra actuación, o grupo quedará automaticamente comprometido co CONCELLO, entendéndose aceptada a actuación. Non caso contrario, e no prazo de dous días hábiles a contar dende a recepción da comunicación, procederase pola AGRUPACIÓN a notificar, e acreditar no seu caso, a non dispoñibilidade.*

*Toda actuación que se realice sen a autorización previa do CONCELLO non será aboada con cargo a este convenio.*

3.- *Realizar a difusión aos medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.*

4.- *Velar para que as condicións das actuacións e espazos de execución sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver, consensuando estas coas propias agrupacións artísticas implicadas ou en todo caso coa AGRUPACIÓN.*

5.- *Conceder directamente á AGRUPACIÓN, unha subvención por importe de 13.500,00 euros para o desenvolvemento do programa “VENTE CON NOS” con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0010 do vixente orzamento.*

**Cuarto.-** *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

**Quinto.-** *O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente IBAN ES27.2100.5912.4802.0002.1010, da entidade bancaria LA CAIXA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.*

**Sexto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao CONCELLO deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sétimo.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Oitavo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

**Noveno.-** A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo.-** A entidade beneficiaria, terá que xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos antes da primeira quincena de decembro de 2015. A tal efecto deberá presentar:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, certificacións das actuacións, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- 1) Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- 2) Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- 3) As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio, Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- 4) *En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*
- 5) *De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvección foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 16.910,00 euros.”*

**Décimo primeiro.-** *Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.*

**Décimo segundo.-** *Serán gastos subvencionabels os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

**Décimo terceiro.-** *A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma serán comprobados polo servizo de Festas do Concello; a tal fin o persoal técnico do mesmo emitira informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

**Décimo cuarto.-** *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

**Décimo quinto.-** *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

**Décimo sexto.-** *A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará o logotipo do concello de Vigo e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do servizo de Festas da Concellería de Cultura e Festas e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

**Décimo sétimo.-** *O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico da Concellería de Festas nos propios espectáculos folclóricos programados.*

**Décimo oitavo.**- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2016 e non será prorrogábel.

**Décimo noveno.**- A concelleira de Festas e Turismo queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

**Vixésimo.**- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Vixésimo primeiro.**- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Festas e Turismo do Concello.

**Vixésimo segundo.**- As actuacións con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.

Trala correspondente convocatoria pública e prazo de admisión de solicitudes, a organización do calendario de actuacións previstas neste convenio corresponderalle ao servizo de Festas da concellería de Festas e Turismo en coordinación coa Agrupación.

As actuacións distribuiranse atendendo aos criterios de dispoñibilidade da agrupación artística, a orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello e a maior diversificación nos ámbitos territoriais e artísticos.

Con carácter xeral quedan excluídas do convenio aquelas actuacións vinculadas á programación de actos de carácter non laico, festas e romarías patronais, así como aquelas actuacións programadas dentro do mesmo ámbito territorial do barrio ou parroquia asociado ao grupo artístico e entidade que o acolle.

Con carácter excepcional, e a proposta da Concelleira de Festas e Turismo, poderase autorizar a programación doutras actuacións e concertos que non cumpran as condicións anteriores.

**Vixésimo terceiro.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Vixésimo cuarta.**- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de



Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20. 4 e 8b).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

**CONCELLO  
DE VIGO**



ANEXO I

SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DO  
PROGRAMA “VENTE CON NÓS”

D/Dna.....	DNI.....
.....teléfono.....en	representación da
entidade .....	
con	domicilio social na
rúa.....	nº.....
CP....., Teléfono.....	correo
electrónico.....	

SOLICITA que o servizo de Festas lle conceda unha actuación do programa “VENTE CON NÓS” con cargo ao convenio coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, vixente para o exercicio, nas datas e lugares que se propoñen a continuación, e DECLARA coñecer e aceptar as obrigas que lle corresponderían segundo o estipulado na cláusula segunda do antedito convenio que deseguido se indican.

1. Lugar de actuación .....

Datas	Horarios	Nome da actividade onde se encadran as actuacións

2. Os grupos serán designadas polo servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo atendendo a súa dispoñibilidade, a orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello e a un criterio de distribución territorial polos barrios e parroquias de Vigo.

Vigo, ..... de ..... de 2016

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:



OBRIGAS DAS ENTIDADES RECEPTORAS DE ACTUACIÓN.

As entidades beneficiarias que soliciten a actuación dunha agrupación artística deberán asumir os seguintes compromisos:

- a) Distribuír o material gráfico divulgativo que se envíe dende o Concello, e incluír obrigatoriamente o logotipo do Concello de Vigo, naquel que edite a propia entidade.
- b) Xestionar e aboar o importe correspondente dos dereitos de autor que se deriven da actuación.
- c) Formalizar a "certificación de actuación", conformada pola entidade receptora da actuación, indicando as posibles incidencias acontecidas no seu desenvolvemento e suxestións relativas a mesma.
- d) Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.
- e) Presentar a actuación facendo unha mención ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidade/s que organizan, colaboran e patrocinan.
- f) Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións
- g) Dispor dos seguros e coberturas de risco suficientes que garanten os posibles danos ocasionados como consecuencia da actividade.

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

**CONCELLO  
DE VIGO**



ANEXO II

CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN DE GRUPOS DE MÚSICA, DANZA E CANTO  
TRADICIONAL GALEGO E GRUPOS DE TEATRO.  
PROGRAMA "VENTE CON NÓS" 2016.

D/Dna.....DNI.....  
.....teléfono.....  
.....  
en representación da entidade .....  
.....  
CIF ....., con domicilio social na rúa nº .....  
Tlf.....correo  
electrónico.....

EXPÓN:

1. Que o grupo ..... realizou unha actuación programada polo Servizo de Festas na citada entidade, o día ..... de ..... de 2016, en .....dentro do programa de actuacións "VENTE CON NÓS"
2. Que o grupo presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.

OBSERVACIÓNS

SUXESTIÓNS :.....

.....  
.....  
.....  
.....

VIGO, ..... de ..... de 2016

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

**15(546).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA (SADI). EXPTE. 6749/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 07/06/16, dáse conta do informe-proposta do 06/06/16, do xefe da Oficina Administrativa de Contratación-secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de atención domiciliaria a Infancia (expediente 6749-224)*

ANTECEDENTES

*Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de maio de 2016, adoptou o seguinte acordo:*

*“ Primeiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do servizo de atención domiciliaria a infancia. (expediente 6749-224)..” no seguinte orde decrecente:*

*Mulleres Progresistas de Vigo 90 puntos.*

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Mulleres Progresistas de Vigo para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 643,36 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

*Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar Mulleres Progresistas de Vigo, o día 27 de maio de 2016, que presenta a documentación requirida en data 01 de xuño 2016, dentro do prazo sinalado.*

*Terceiro.- A mesa de Contratación celebrada o 06 de xuño de 2016 comprobou que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, Mulleres Progresistas de Vigo é a requirida polo órgano de contratación como necesaria para a adxudicación do contrato, polo que a mesa propuso ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por Mulleres Progresistas de Vigo.*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Adxudicar a Mulleres Progresistas de Vigo, o Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención domiciliaria a Infancia (expediente 6749-224), por un prezo de 316.396,86 euros e un prezo/ hora para a prestación do servizo de 15,25 euros (sen IVE) e coas seguintes prestacións adicionais:*

- 60 horas de prestación do servizo ao mesmo prezo ofertado na licitación, pero que se desenvolveran en horario de 23:00 a 07:00 horas de luns a venres e de 00:00 a 24:00 en fins de semana.*

- Comprométese a efectuar 510 horas de prestación do servizo ao ano sen custe para o Concello.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(547).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR NO SERVIZO DE IGUALDADE – MAIO 2016. EXPTE. 7211/224.**

Dáse conta do informe-proposta do 07/06/16, da xefa do servizo de Igualdade, conformado pola concelleira-delegada de área:

“Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31<sup>a</sup> das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

**PROPOSTA:**

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de maio do ano 2016.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
7142-224	CMSU	Adquisición mobiliario para os servizos da Concellería de Igualdade	Paz-Dismac SL	23116250000	05/05/16	4.560,49 €
7172-224	CMSU	Adquisición de equipamento para os servizos da Concellería de Igualdade	Paz-Dismac SL	23116290000	18/05/16	870,80 €
7194-224	CMSE	Formación en igualdade a monitorado dos campamentos de Xuventude verán 2016	M <sup>a</sup> Xosé Porteiro García	23112260602	26/05/16	288,00 €
7185-224	CMSE	Dinamización e xestión do servizo da Casa das Mulleres	Xoma Iniciativas Sociais SL	23112279910	20/05/16	10,890,00 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**17(548).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA Á CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA INSTALACIÓN DE QUIOSCO NA RÚA BUEU. EXPTE. 19845/240.**

Dáse conta do informe-proposta do 02/06/16, do xefe do servizo de Patrimonio, conformado pola xefa da área de Xestión Patrimonial e Territorial e polo concelleiro-delegado de área:

*“NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- *L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).*
- *L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).*
- *RDL 3/2011 de 14 Novembro, do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*
- *Ordenanza Municipal, de 29 de maio de 2006, Reguladora da Ocupación do Dominio Público coa Instalación de Quioscos (OM).*

*INFORME-PROPOSTA:*

*PRIMEIRO.- Da. M<sup>a</sup> del Carmen Nesta Lago, mediante escrito de entrada no Rexistro Xeral de data 13 de maio de 2016, solicita dar de baixa, por cese de actividade, ao quiosco sito na rúa Bueu s/n “Kiosco Dosantos” desta cidade de Vigo, cuia autorización foille otorgada no seu día, interesando súa baixa a todos os efectos.*

*SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local por acordo do 15.12.2008 otorgou á solicitante a concesión administrativa para a ocupación do dominio público coa instalación dun quiosco na rúa Bueu consonte ó reximen xurídico previsto na correspondente Ordenanza Municipal de data 29.05.2006 (disposición transitoria segunda). Concesión que formalizouse en documento administrativo asinado ó 2 de marzo do 2009.*

*TERCEIRO.- No presente suposto, plantexase pola interesada dar de baixa física e administrativamente a concesión outorgada para a instalación do quiosco, o que responde a un acto voluntario desta renunciando os dereitos que a concesión administrativa da que é titular lle otorga, sen que se estime que a mesma é contraria o interes xeral ou faixe en perxucio de terceiros, non apreciándose conseguintemente obxeción algunha a súa aceptación pola administración municipal, estando previsto o desestimento do concesionario, previa notificación ó Concello como causa de extinción da concesión na Ordenanza Municipal.*

*A extinción da concesión dará lugar a retirada, por parte do concesionario, do quiosco da vía pública e reposición do dominio público afecto ao seu estado orixinal.*

*CUARTO.- Resulta competente para a resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local, consonte ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público*

*Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:*

*“PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia de Da. M<sup>a</sup> del Carmen Nesta Lago á concesión administrativa outorgada pola Xunta de Goberno Local o 15.12.2008 para a ocupación do dominio público municipal coa instalación dun quiosco destinado a venta de prensa periódica na rua Bueu, da cidade de Vigo, declarando resolta dita autorización.*

*SEGUNDO.- Requerir a Da. M<sup>a</sup> del Carmen Nesta Lago para que no prazo de 20 días, a partir do seguinte á notificación do presente acordo, proceda á retirada do quiosco da vía pública e reposición desta ao seu estado orixinal.*

*TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Administración de Tributos, Vías e Obras e Seguridade e Tráfico, para o seu coñecemento.”*

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(549).- AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN DOA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO NA EDIFICACIÓN DA RÚA ROMIL 84. EXPTE. 19789/240.**

Dáse conta do informe-proposta do 07/06/16, da xefa da área de Xestión Patrimonial e Territorial, conformado polo concelleiro-delegado de Patrimonio:

#### **“ANTECEDENTES**

***Primeiro.-** A Asociación de Ayuda al Enfermo Mental (DOA), mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de outubro de 2015 solicitou autorización para a realización de obras de mantemento na fachada do edificio de titularidade municipal sito na rua Romil nº 84, cedido polo Concello a esa Asociación.*

***Segundo.-** Na instrucción do expediente emitíronse isendos nformes polo enxeñeiro de edificación con datas 19.11.2015 e 21.04.2016, no que sinala que: Como ben se indica no escrito de data 28/10/2015, existe un desprendemento de pezas decorativa tipo tapa, así como aplacado de granito por enriba da cornisa. Tendo en conta que o solicitante pretende a execución das obras de retiralo embellecedor a modo de tapa, e asegurar o aplacado, mediante anclaxes metálicos.*

*Ditas obras propostas considero que non existe inconveniente na súa execución xa que as mesmas son meras obras de conservación e mantemento do edificio e non se altera sin as condicións técnicas nin urbanísticas do mesmo.*

*A su vez como mantemento e vando o estado actual, recomendase que tendo en conta que para execución de ditas obras e necesaria para a execución das mesmas de colocación de andamio ou outro tipo de medio de elevación. Polo que deberá como obra de mantemento efectual a limpeza do canalon existente..”*

*...”Dende o aspecto urbanístico ditas obras que se propoñen efectúense sobre unha edificación sita en suelo urbano consolidado, sendo a ordenanza de aplicación a ord. 3.1.a Zonas Verdes y libres, estando a edificación en situación de fora de ordenación y de acordo co art. 3.2.4 das ordenanzas e art 90 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, en donde as obras de conservación son permisibles...”*

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**



**Primeiro.- Normativa consultada**

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo aproveitamento especial ou utilización privativa do Dominio Público Local*
- *Lei 2/2016, de 16 de febreiro, do solo de Galicia*
- *PXOM 1993*

**Segundo.-** A edificación obxecto das obras de mantemento, correspóndese coa propiedade nº 662 do IMBD, cedido en uso a Asociación de Ayuda al Enfermo Mental (DOA) por acordo do Pleno de data 26/02/1993 para o cumprimento dos fins que constan nos estatutos da Fundación.

**Terceiro** Dacordo cos informes técnicos emitidos polo enxeñeiro de edificación municipal, non existe inconveniente en acceder ao solicitado, estimándose que no presente caso, son meras obras de conservación e mantemento do edificio e non se altera nin as condicións técnicas nin urbanísticas do mesmo, recomendando a su vez a limpeza do canalón existente, e se fixa en dous meses o prazo de execución das obras.

**Cuarto.-** A teor do informado, non existe inconveniente en autorizar as obras de mantemento plantexadas pola usufrutuaria, obras que en calquera caso quedarán a beneficio da propiedade do inmovible sen que polas mesmas deba aboar precio ou indemnización algunha esta Administración. No suposto de que para a súa realización sexa necesario a ocupación do dominio público, implicaría un uso privativo, sendo regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP). O título habilitante necesario sería a autorización administrativa, dado que a ocupación efectuaríase con instalacións desmontables, sempre e cando a duración do aproveitamento non exceda de catro anos, caso no que procedería a concesión administrativa (artigo 86 LPAP).

**Quinto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ó previsto no artigo 127.1 letra "e" LRBRL.

Á vista das anteriores circunstancias, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Autorizar á Asociación de Ayuda al Enfermo Mental (DOA) a realización das obras solicitadas en data 30/10/2015, de mantemento da fachada do edificio de titularidade municipal sito na rua Romil nº 84, consistentes na retirada do listón embellecedor de cantería O o anclaxe das pezas de cantería existentes na cornisa mediante tornillería Inox, cun presuposto de execución de 622,00 €uros. , 752,62 €uros IVE incluído, nunha parcela clasificada como solo urbano consolidado, sendo a ordenanza de aplicación a ord. 3.1.a Zonas Verdes y libres, estando a edificación en situación de fora de ordenación y de acordo

co art. 3.2.4 das ordenanzas e art. 90 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, sendo as obras de conservación posibles.

**SEGUNDO.-** A autorización suxétas ás seguintes condicións xurídicas e técnicas:

1. A autorización otorgase exclusivamente para a realización das obras de mantemento da fachada do edificio municipal descritas nos informes do enxeñeiro de edificación de datas 19.11.2015, e 21.04.2016, sendo do seu cargo os costes que xeneren.
2. A seguridade na execución das obras corresponderalle á dita entidade DOA, debendo responder dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas ou á propia administración municipal, como consecuencia da súa realización.
3. O Excmo. Concello de Vigo reservase a facultade de inspeccionar o estado do inmovible e as obras autorizadas, debendo ó efecto comunicar a asociación autorizada, a data de inicio das obras para súa comprobación polos servizos técnicos municipais. Se con motivo da inspección se observase calquera anomalía poñerase esta circunstancia en coñecemento do solicitante para que proceda a súa subsanación no prazo concedido ó efecto, procedéndose en caso contrario á revocación da autorización.
4. A presente autorización estará suxeita ó aboamento das correspondentes taxas dacordo co disposto na Ordenanza Fiscal de aplicación, no suposto de que a súa execución requira a ocupación do dominio público municipal
5. A autorización outorgase por un prazo de 2 meses, a computar dende a data da súa formalización en documento administrativo, poidendose prorrogar previa solicitude motivada do interesado feita cunha antelación de 15 días a finalización do prazo.
6. A presente autorización non será transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel de ser gravada con carga ningunha.
7. A autorización extinguiráse pola concurrencia dalgunha das seguintes causas:
  - a) Transcurso do prazo polo que foi outorgada a autorización
  - b) Renuncia da asociación a autorización.
  - c) Incuprimento dos fins ou actividades para os que foi autorizada.
  - d) Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.
  - e) Disolución, fusión ou escisión da asociación.
  - f) Revocación unilateral por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, sin xerar dereito a indemnización, o que deberá comunicarse á empresa cunha antelación mínima dunha semana.
8. O coste das obras autorizadas correrán a cargo da asociación DOA, quedando a beneficio da propiedade do inmovible sen dereito ningún ó seu reembolso por esta administración.

**TERCEIRO .-** A presente autorización formalizaráse en documento administrativo nun prazo de 15 días dende a data da notificación da presente resolución ao solicitante.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(550).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL-2016. EXPTE. 28170/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/06/16, dáse conta do informe-proposta do 24/05/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*“Con data 24/05/2016, a xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co visto e prace da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saúdnable, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de **Abril-2016**, así como as datas de realización de dito exceso.*

*A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 470 horas.*

*Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a inclusión na Instrucción 4º de Plantilla da “actividade extraordinaria e especial dedicación do persoal administrativo que presta servizos na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estrutural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuirase con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada”, que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 3.484,50 € anuais, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.*

*O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.*

*Compróbase por parte desta Área de Recursos Humanos e Formación que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.*

*A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc.*

*No escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 02/05/2016 figura relación do persoal , indicando Nº de persoal, datas e horario de realización do*

exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de Abril de 2016, debidamente asinado e conformado pola concelleira delegada da Area.

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No citado Real Decreto Legislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacións”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **A C O R D O :**

**“Primeiro.**- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal

administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de **Abril-2016**, segundo o recollido na Instrucción Cuarta apartado f) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacións”, por importe total de 1.116,44 €.

**Segundo.**- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas en concepto de gratificacións, haberán de responder a servizos extraordinarios realizados fora da xornada normal de traballo e non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

**Terceiro.**- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

#### Anexo

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
13570	Hermida Rodriguez, José Luis	558'22 €
13758	Rosende Ríos, Gumersindo Manuel	558,22 €
	IMPORTE TOTAL.....	1.116,44 €

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **20(551).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL-2016. EXPTE. 28171/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/06/16, dáse conta do informe-proposta do 24/05/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“Recíbese escrito do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 04/05/2016, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de **Abril-2016**, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

*O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañá de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).*

*Así mesmo, no informe de data 02/05/2016 sinalan os días nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por esta Área de Recursos Humanos e Formación, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade “a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo. Dacordo coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar no ano 2016 sería 3'68 €/día , aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**A C O R D O :**

**Primeiro.-** Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución

Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I, correspondente ao mes de **Abril-2016** e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00-“Productividade”, por importe de **1.027,60 €**.

**Segundo.-** Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

**Anexo:**

<b>Nº Persoal</b>	<b>Apelidos e nome</b>	<b>Importe día</b>	<b>Días traballados</b>	<b>Total euros</b>
23490	Alfonso Paz, Jesús	3,67	21	77,07 €
78372	Alvarez Lago, Jesús	3,67	21	77,07 €
13600	Cabaleiro González, José	3,67	21	77,07 €
77225	Cid González, Alberto	3,67	21	77,07 €
78122	Costas Riveiro, Rafael	3,67	20	73,40 €
82456	Costas Villar, Alberto	3,67	17	73,40 €
79828	Cousiño Sendin, M <sup>a</sup> Concepción	3,67	20	62,39 €
78924	González Seijo, Antonio	3,67	21	77,07 €
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	3,67	20	73,40 €
76563	Pereira Fona, Juan José	3,67	20	73,40 €
82187	Quintas Pérez, José Juan	3,67	18	66,06 €
76430	Rodríguez López, Adolfo	3,67	20	73,40 €
7224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	3,67	20	73,40 €
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	3,67	20	73,40 €
<b>Importe total</b>			<b>280 días</b>	<b>1.027,60 €</b>

**Acordo:**



A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(552).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL-2016. EXPTE. 28172/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/06/16, dáse conta do informe-proposta do 25/05/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*"A directora do Laboratorio Municipal co visto e prace da Concelleira-Delegada do servizo remite relacións do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de produtividade correspondente ao mes de **Abril-2016**, por as tarefas que a diario desenvolve o persoal de dito servizo de control de pragas que van orientadas ao control curativo-preventivo de calquera praga (insectos, roedores, fungos, bacterias, etc.) que eclosione dentro do término municipal.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes, que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 123,43 €/mes. Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.*

*No presente expediente relaciónase o persoal da Unidade de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos correspondente ao mes de Abril de 2016.*

*O servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polo persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.*

*O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraránse como traballados os*

períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **A C O R D O :**

**Primeiro.-** Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Produtividade”, por importe de **299,76 €**.

**Segundo.-** Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, para a súa inclusión na vindeira nómina”.

#### ANEXO

N.P.	Apelidos e Nome	Importe
------	-----------------	---------

16350	Seijas Álvarez, José Ramón	123,43 €
22790	Sousa Atrio, José Manuel	52,90 €
81369	Seijas Fernández, Alberto	123,43 €
<b>IMPORTE TOTAL.....</b>		<b>299,76 €</b>

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(553).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL-2016. EXPTE. 28173/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/06/16, dáse conta do informe-proposta do 26/05/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*“Recíbese escrito do xefe de Participación Cidadá en data 04/05/2016, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área, no que se solicita se lle abone a dona María do Carmen Alonso Otero (nº persoal 82540), o aboamento de produtividade que ten dereito a percibir por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de **Abril-2016**.*

*Dita empregada realiza a súa actividade laboral en **réxime de xornada partida**, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no **horario de apertura da oficina Municipal de Distrito "A Miñoa", en horario continuo**.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os*

*criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade “a dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 3'68 €, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.*

*Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a*

223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **A C O R D O :**

**Primerio.-** Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade a M<sup>a</sup> do Carmen Alonso Otero (n<sup>o</sup> persoal 82540) do servizo de Participación Cidadá, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran nas relacións adxuntas, correspondente ao mes de **Abril-2016** e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00-“Productividade”, por importe de **58,88 €**.

**Segundo.-** Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.”

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **23(554).- COMPLEMENTOS DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS E DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTES AO MES DE ABRIL-2016. EXPTE. 28174/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/06/16, dáse conta do informe-proposta do 26/05/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“Recíbense no servizo de Recursos Humanos, en datas 9 e 10/05/2016, asinadas polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, co conforme do Xefe da Área de Servizos Xerais e o visto e prace do concelleiro-delegado da Área, relacións de persoal do servizo de Vías e Obras e servizo do Parque Móbil, adscritos as brigadas de pavimentación que teñen dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de **Abril-2016**. Ditas relacións inclúe nome, n<sup>o</sup> de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.

*As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día), que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 5,64 €/día. Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 28174/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade basease nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e perigosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúe non so aos postos de oficial pavimentador senón que debe entenderse extensiva a tódolos postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 citase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidade, toxicidade e perigosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitranadores.*

*En canto a posibilidade contemplada no informe da Intervención Xeral citado anteriormente, de considerar estas percepcións como fixas dentro dos complementos retributivos permanentes destes postos de traballo, considerase mais axeitado nestes intres consideralos como incentivos de carácter variable, aboándose única e exclusivamente ao persoal que esta en contacto cos produtos que se consideren contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos, e única e exclusivamente nas xornadas de traballo nos que se dé esta circunstancia, xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.*

*No citado Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola*

lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

No presente expediente relaciónase o persoal do servizo de Vías e Obras e do Parque móbil que forman parte das brigadas de pavimentación e que realizan funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a "Actualización das



instruccións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instruccións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **A C O R D O :**

**Primeiro.**- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de Vías e Obras e do servizo do Parque Móbil que se relacionan nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Productividade”, por importe de **829,08 €**, correspondente ao mes de **Abril-2016**.

**Segundo.**- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

**Terceiro.**- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da

Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

**ANEXOS:**

**SERVIZO DE VÍAS E OBRAS**

<i>Nº Persoal</i>	<i>Apelidos e nome</i>	<i>Importes</i>
17390	Alonso Cue, Miguel Angel	84,60 €
81662	Barros González, Delio	90,24 €
17360	Bastos Román, Jesús	90,24 €
76566	López Rivera, Juan Ramón	90,24 €
17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo	90,24 €
<b>TOTAIS</b>		<b>445,56 €</b>

**SERVIZO DO PARQUE MOBIL**

<i>Nº Persoal</i>	<i>Apelidos e nome</i>	<i>Importes</i>
15881	Alonso Iglesias, Manuel	45,12 €
15496	Andujar Picans, Fernando C.	78,96 €
17331	Comesaña Pérez, Hipólito	90,24 €
77650	Fernández Riveiro, Javier	5,64 €
14953	Fernández Rodríguez, Manuel	90,24 €
16142	Martíns Fernández, Juan A.	73,32 €
<b>TOTAIS</b>		<b>383,52 €</b>

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(555).- COMPLEMENTOS DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SIN SER OFICIAIS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO 4º TRIMESTRE-2015 E 1º TRIMESTRE-2016. EXPTE. 28030/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/06/16, dáse conta do informe-proposta do 24/05/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*“Recíbense no Servizo de Recursos Humanos, debidamente asinado polos Xefes dos servizos e os Concelleiro/as delegado/as correspondentes, informes dos servizos de Transportes, Desinfección, Educación, Patrimonio Histórico, Limpeza, Medio Ambiente, Taller Vías e Obras, Protección Civil e Parque Central, que conteñen relación do persoal que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por conducción de vehículo*

*municipal sin sen oficiais conductores, correspondentes ao 1º trimestre-2016 (Inclue 4º trimestre-2015 de Protección Civil) .*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) publicado no BOE nº 261, do sábado día 31 de outubro do 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No citado Real Decreto Lexislativo, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada*

*Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira, apartado g) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente na actualidade, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria derivada da conducción de un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe de de 3'38 €/mes. Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.*

*Dacordo coa actualización das retribucións dos empregados publicos contidas na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, as cantidades a percibir no ano 2016, actualizadas co 1% de incremento será de 3,41 €.*

*Da análise da documentación comprobouse a existencia de relacións do persoal dos distintos servizos propostos para o aboamento do complemento de produtividade, con indicación individualizada dos días traballados e importes según o estipulado na instrucción precitada asi como o vehículo utilizado, número de flota. Asi mesmo as xefaturas de servizos informan dos traballos desenvolvidos utilizando os vehículos referenciados en ditos informes no 4º trimestre do ano 2015 e 1º trimestre do ano 2016. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva utilización de ditos vehículos polos efectivos municipais asignados á unidade, con indicación expresa das datas na que foi realizada a actividade laboral.*

*Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instruccións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instruccións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na vixente lexislación.*

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**"Primeiro.**- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización de vehículo lixeiro sin ser oficiais condutores, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado g) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, correspondentes ao 1º trimestre-2016 (Inclue 4º trimestre-2015), polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I- e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00-“Productividade”, por importe de **4.136,20 €**.

**Segundo.**- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

**Terceiro.**- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### ANEXO I

<b>Servizo</b>	<b>Relacións</b>	<b>TOTAL</b>
Transportes	De Alonso González, José Ramón	182,52 €
Desinfección	De Sousa Atrio, José Manuel a Seijas Álvarez, José Ramón	334,62 €
Educación	Puentes Rodríguez, Eladio	175,76 €
Patrimonio Histórico	De Conde Castro, David	192,66 €
Limpieza	De Garrido Marcos, Jesús M. a Sola Quiroga, Constantino	436,48 €
Medio Ambiente	De Álvarez Díaz, Roberto a Hervada Ventín, Andrés	307,58 €
Taller de Vías e Obras	De Alonso Correa, José Fernando a Vázquez de Francisco, José Luis	2.103,97 €
Protección Civil	De Sande Vázquez, José Antonio	358,28 €
Parque Central	De Alonso Alonso, Miguel Ángel	44,33 €
		<b>4.136,20 €</b>

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(556).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES AO MES DE ABRIL-2016. EXPTE.28183/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/06/16, dáse conta do informe-proposta do 31/05/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*"Distintos servizos e unidades municipais remitiron a Área de Recursos Humanos e Formación, relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes ao mes de Abril-2016, todas elas co visto e praxe dos Concelleiros-Delegados de cada servizo.*

*As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), así mesmo que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €. Dacordo coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 2'75 €/hora, para os traballos en horas nocturnas e 4,06 €/hora, para os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos.*

*A distribución por servizos dos gastos orixinados polos conceptos de festividade e nocturnidade é :*

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Abril	139,00	564,34 €	39,00	107,25 €	671,59 €
Policía Local	Abril	10431,06	42.350,10 €	9948,78	27.359,15 €	69.709,25 €
Cemiterios	Abril	551	2.237,06 €	0,00	0,00 €	2.237,06 €
Extinción de Incendios	Abril	1366,00	5.545,96 €	373,00	1.025,75 €	6.571,71 €
Turismo	Abril	105,00	426,30 €	0,00	0,00 €	426,30 €
Museo	Abril	65,25	264,92 €	0,00	0,00 €	264,92 €
Bibliotecas	Abril	24,00	97,44 €	0,00	0,00 €	97,44 €
Participación Cidadá	Abril	31,00	125,86 €	0,00	0,00 €	125,86 €
IMD	Abril	1.432,50	5.815,95 €	560,00	1.540,00 €	7.355,95 €
Parque Móbil	Abril	20,00	81,20 €	43,00	118,25 €	199,45 €
Patrimonio Histórico	Abril	21,00	129,92 €	0,00	0,00 €	129,92 €
Vigo-Zoo	Abril	376,85	1.530,01 €	0,00	0,00 €	1.530,01 €
Cultura	Abril	5,50	22,33 €	4,50	12,38 €	34,71 €
<b>TOTAL</b>		<b>14.568,16</b>	<b>59.191,39</b>	<b>10.968,28</b>	<b>30.162,77</b>	<b>89.354,16</b>

*Nos informes que forman parte do expediente, asinados polas xefaturas e concellerías de área correspondentes figuran Servizo, Número de persoal, Nome do empregado, data e*

*franja horaria que dan lugar ao aboamento en concepto de gratificación dos recargos de festividade e nocturnidade, total de horas nas que cada empregado municipal desempeñou as súas funcións en xornada festiva ou horario nocturno e total a retribuir, segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos.*

*De todos os xeitos e dadas as dificultades de comprensión das relacións de persoal, manifestadas pola Intervención Xeral, aclárase:*

*No caso dos choferes de Alcaldía, amais da relación de datas e franxa horaria, é evidente que dito recargo se corresponde co desempeño das funcións propias e habituais do posto Conductor de Alcaldía.*

*Proponse o aboamento de gratificación por festividade ao persoal relacionado do servizo de cemiterios xa que, os cemiterios municipais atópanse abertos sábados, domingos e festivos, e deben dispor da presenza do persoal municipal.*

*Extinción de Incendios.- Os recargos por festividade e nocturnidade propostos corresponde ao exceso de xornada realizado polo persoal relacionado, derivadas de diversas actuacións e intervencións en distintos siniestros así como horas de asistencia ao xulgado, fora da xornada habitual de traballo, segundo fai constar o subxefe do servizo no seu informe, conformado polo Concelleiro da área.*

*Turismo.- informes de horas realizadas polo persoal do servizo de Turismo, por horario de apertura en sábados, domingos e festivos, segundo informe da xefa do servizo de Turismo, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Festas e Turismo, achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.*

*Cultura.- informes de horas realizadas polo persoal de Cultura, por ter que asistir a actos no Auditorio os fins de semana, segundo informe do xefe do servizo de Cultura y Bibliotecas, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, no que se achega relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.*

*Museo.- informes de horas realizadas polo persoal do Museo, por horario de apertura en sábados, domingos e festivos, segundo informe do xefe do servizo de Museos, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes adscrito a dito servizo achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.*

*Bibliotecas.- informes de horas realizadas polo persoal de Bibliotecas, por horario de apertura en sábados, segundo informe do xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.*

*Participación Cidadá.- tal e como se recolle nos informes do Xefe do servizo de Participación Cidadá, co conforme do Concelleiro delegado da Área, no que se informa do horario de funcionamento da oficina Municipal de distrito "A Miñoa" en horario discontinuo en sábados, domingos ou festivos, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.*

*IMD.- Achegase informes do director técnico do IMD, no que se xustifica o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade no desempeño das funcións do persoal do servizo municipal de Deportes.*

*Parque Móbil.- Informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.*

*Patrimonio Histórico.- tal e como se recolle nos informes do Xefe do servizo de Patrimonio Histórico, co conforme do Concelleiro delegado da Área, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Interpretación Mundo Romano en horario discontinuo en sábados, domingos ou festivos, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.*

*Vigo-Zoo.- tal e como se recolle nos informes do Xefe do servizo, co conforme do Concelleiro delegado da Área, informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.*

*Cultura.- informes de horas realizadas polo persoal de Cultura, pola realización do seguemento da programación Vigocultura da que é responsable a funcionaria, así como asitencia a estreas, presentación e seguemento xeral, segundo informe do xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, achégase relación de ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.*

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

#### **ACORDO:**

*“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:*



SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Abril	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontan Balbuena, Camilo	564,34 €	107,25 €	671,59 €
Policía Local	Abril	De Aballe González, Manuel a Vivero Mijares, Juan Guillermo	42.350,10 €	27.359,15 €	69.709,25 €
Cemiterios	Abril	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.237,06 €	0,00 €	2.237,06 €
Extinción de Incendios	Abril	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Villar Comesaña, José Antonio	5.545,96 €	1.025,75 €	6.571,71 €
Turismo	Abril	De Díaz López, Emma a Barreiro Fidalgo, Natalia	426,30 €	0,00 €	426,30 €
Museo	Abril	Ogando López, José Manuel a Román Breijo, Manuel	264,92 €	0,00 €	264,92 €
Bibliotecas	Abril	De Aguiar Castro, César a Vázquez Ruiz de Ocenda, Josefa	97,44 €	0,00 €	97,44 €
Participación Cidadá	Abril	De Alonso Otero, Carmen a Zaragoza Bastos, Juan A.	125,86 €	0,00 €	125,86 €
IMD	Abril	De Alonso Campa de la, Alberto a Pérez Rego, Enrique	5.815,95 €	1.540,00 €	7.355,95 €
Parque Móbil	Abril	De Alonso González, Ángel a Hermida Sanmartín, Juan José	81,20 €	118,25 €	199,45 €
Patrimonio Histórico	Abril	de Iglesias Alvarez, Nuria	129,92 €	0,00 €	129,92 €
Vigo-Zoo	Abril	De Alonso Abalde, José María a Ramos Martínez, Ivan Julio	1.530,01 €	0,00 €	1.530,01 €
Cultura	Abril	De Núñez Aboy, Marta	22,33 €	12,38 €	34,71 €
<b>TOTAL</b>			<b>59.191,39</b>	<b>30.162,77</b>	<b>89.354,16 €</b>

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de **89.354,16 €**, con cargo a partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

**cordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(557).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVICIOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE DECEMBRO-2015 E ABRIL-2016. EXPTE. 28184/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 06/06/16, dáse conta do informe-proposta do 06/06/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*"Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.*

*No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario*

laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

Recíbense na Área de Recursos Humanos e Formación os documentos que a continuación se relacionan, nos que as xefaturas dos distintos servizos, co conforme do concelleiro/a delegado/a da área correspondente, relacionan o persoal que realizou exceso de xornada nos meses de Decembro-2015 e Abril-2016 (Alcaldía, Policía Local, Extinción Incendios, Ospio, Seguridade e Mobilidade, Inspección Vías e Obras, Vías e Obras, Parque Central, Parque Móbil e Limpeza).

Nos documentos remitidos indícase nome, número de persoal, servizo ao que esta adscrito o empregado municipal, data de realización do exceso de xornada, intervalo horario, lugar e motivo e número de horas en exceso realizadas. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas.

Así mesmo, todo o exceso de xornada remitido, conta coa resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.

Nas devanditas Resolucións, no seu punto II, se indica que:

“Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do numero de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, estas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei vixente.”

Nas relacións correspondentes ao Servizo da Policía Local e servizo de Extinción de Incendios, polas súas especiais características, non se esixe a autorización previa. No caso do Servizo da Policía Local, amais do exceso de xornada realizado remítense os listados correspondentes a asistencia a xulgados do persoal do servizo.

Inclúense no expediente relacións cuantificadas das horas de asistencia a xulgado, prolongación de xornada laboral e, nocturnidade e festividade por cuadrante, figurando as datas, motivo e nº de horas do exceso de xornada realizado persoal do Servizo da Policía Local.

Nas relacións do persoal que forman parte do expediente 28029-220 e que se corresponden cos documentos sinalados anteriormente figuran o servizo ao que están adscritos os empregados municipais, nome e apelido, número de persoal, posto, data, intervalo horario, lugar e motivo do exceso de xornada.

Pola Tesourería Municipal liquidáronse as cantidades que corresponden e que ascenden a un total de 26.822,68 €, con arreglo o previsto na disposición transitoria 6ª.3ª do Acordo regulador e as directrices contidas no antecedente da presente resolución, para a súa posterior inclusión na nómina de cada un dos interesados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO:**

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas relacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Alcaldía (Condutores)	Abril-2016	227,00	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontán Balbuena, Camilo
Policía Local	Abril-2016	633,10	Airabella Marra, Francisco José a Vila Campos, Francisco
Extinción de Incendios	Abril-2016	1.366,00	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Villar Comesaña, José Antonio
Ospio	Decembro-2016	64,00	De Ferro Mancho, Ángel a Vázquez Rial, Ramón

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Seguridade e Movilidade	Decembro-2016	23,00	De Roca Dafonte, José Manuel a Bacelos González, José a
Inspección Vías e Obras	Decembro-2016	32,00	De Matilde Viñas, J.Eugenio a Villar Estévez, Raimundo
Vías e Obras	Decembro-2016	123,00	De Amoedo Cabaleiro, Jose L. a Rodríguez Rocha, Rodrigo
	Decembro-2016	30,00	De Alonso Iglesias, Manuel a Prieto Domínguez, Florentino
	Decembro-2016	8,00	Rodríguez Lestón, Bernardo
Parque Central	Decembro-2016	46,00	De Comesaña Davila, José A. Troncoso Martínez Avelino
	Decembro-2016	18,00	De Alonso Alonso, Miguel A. A Comesaña Fernández, Luis
Parque Móbil	Decembro-2016	28,00	De Alonso González Ángel a Romero Cobas, José Luis
Limpieza	Decembro-2016	12,00	De Quintas Pérez, Manuel

O montante do presente expediente ascende a un total de 26.822,68 €.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**27(558).- SOLICITUDE DE DONA ANA QUIRÓS GARCÍA DE DIFERENCIA DE FUNCIÓN NO SEU POSTO DE TRABALLO. EXPTE. 27825/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 31/05/16, da técnica de Admon. Xeral de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

**"ANTECEDENTES**

*I. Con Rexistro de entrada de data 29/01/2016 (DOC. 160010639) dona Ana Quirós García, con nº de persoal 21.657, con posto de auxiliar administrativa, subgrupo C2, destinada a Administración de Tributos – departamento de Lixo Vivendas, achega solicitude para que se lle adscriba a un posto de administrativo e se lle retribúa, mediante o complemento de produtividade, a diferenza retributiva de Complemento de Destino (CD) e Complemento Específico (CE) existente entre o posto de auxiliar administrativo e de administrativo.*

*II. Solicitado informe á Dirección de Ingresos, a xefa do Negociado de Lixo Vivenda, emite informe en data 26/02/2016, indicando que os cometidos descritos na solicitude achegada pola interesada son concordantes co traballo efectivamente realizado no seu posto de traballo.*

*III. Con data 16/03/2016 a técnica de Formación e Avaliación de RRHH emite o seguinte informe:*

*"En relación coa solicitude de D<sup>a</sup> Ana Quiros Garcia de adscripcion a un posto de "Administrativo" e sexa retribuída mediante complemento de produtividade a diferenza retributiva entre os complementos de destino e específico do posto de auxiliar e administrativo (Doc 160010639) informase que :*

*Solicitado informe a Dirección de ingresos, en data 26/02/2016 a xefa de negociado Lixo-vivenda informa dos cometidos que esta a desenvolver a funcionaria D<sup>a</sup> Ana Quiros Garcia e que serían : Atención diaria e telefónica aos cidadáns, Recepción, rexistro, escaneo e reparto de documentación , Realización de borrador de propostas mediante a cobertura de plantillas ao efecto, utilización do programa informático do servizo para o cálculo de devolucións de ingresos indebidos, trámite e control das solicitudes de exencións da taxa de lixo e confección e remisión de notificacións, todas elas encadradas dentro das aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 23/12/2005 para o posto tipo de "Auxiliar de Admon xeral"*

*En consecuencia, tendo en conta as funcións que esta a desempeñar a funcionaria solicitante, non procede o aboamento do complemento de produtividade por desempeño de categoría superior solicitado nin a súa adscripción a un posto de administrativo. Con respecto a adscripción solicitada, non se teñe coñecemento de solicitude por parte da xefatura do servizo de Admon de Tributos o da Dirección de Ingresos de racionalización/transformación da RPT do servizo referente a dotación dun novo posto de administrativo, e de caso de así considerarse, a adscripción a dito posto deberá realizarse dacordo ao contido na lexislación vixente ao respecto."*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### *I. Recoñecemento de categoría superior:*

*En atención á solicitude de adscrición a un posto de administrativo, cómpre informar que tal e como indica a técnica de Formación e Avaliación en data 16/03/2016, non se ten coñecemento de ningunha solicitude por parte da xefatura do servizo de Administración de Ingresos de racionalización/transformación da vixente Relación de Postos de Trballo para requerir a dotación dun novo posto de administrativo para ese departamento, engadindo que, no caso de considerarse oportuno, a adscrición a dito posto debería realizarse dacordo ao contido na lexislación vixente ao respecto, dentro do correspondente proceso de promoción interna convocado a tal efecto, no que a interesada tivese superado a totalidade dos exercicios con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.*

*Así mesmo e, en atención ás funcións que está a desempeñar a solicitante, procedería desestimar a súa solicitude de abono da diferenza retributiva correspondente, toda vez que as devanditas funcións encádranse dentro das aprobadas para o posto tipo de Auxiliar de Administración xeral, grupo C2, pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 23/12/2005, tal e como constan reflectidas na guía de funcións do Concello de Vigo para dito posto.*

*Xa que logo, procedería desestimar a solicitude achegada, toda vez que non sería procedente nin axustado a Dereito o recoñecemento de categoría superior nin do cobro da diferenza retributiva correspondente, ao estar desempeñando as funcións que resultan axeitadas ao seu posto de auxiliar administrativa dacordo coas determinadas pola Guía de Funcións aprobada pola Xunta de Goberno Local, na sua sesión de data 23/12/2005 para o posto tipo de Auxiliar de Administración xeral, grupo C2.*

### *II.- Competencia e proposta de acordo:*

*De conformidade co réxime de atribucións contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e concretamente coa atribución para a aprobación das retribucións do persoal municipal e para a xestión económica do mesmo, recollida no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte*

#### *PROPOSTA DE ACORDO:*

*“Primeiro.- Desestimar, de conformidade coa motivación exposta, a solicitude achegada con Rexistro de entrada de data 29/01/2016 (DOC. 160010639) por dona Ana Quirós García, con nº de persoal 21.657, con posto de auxiliar administrativa, subgrupo C2, destinada á Administración de Tributos, departamento de Lixo-Vivenda, toda vez que non sería procedente nin axustado a Dereito o recoñecemento de oficio de categoría superior coma Administrativa de Administración Xeral nin o cobro da diferenza retributiva correspondente, ao estar desempeñando as funcións que resultan axeitadas ao seu posto de auxiliar administrativa dacordo coas determinadas pola Guía de Funcións aprobada pola Xunta de Goberno Local, na sua sesión de data 23/12/2005 para o posto tipo de Auxiliar de Administración xeral, grupo C2.*

*Segundo.- Notificar o presente acordo á interada no expediente e á Dirección de Ingresos, para o seu coñecemento e efectos oportunos."*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **28(559).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XGL QUE APROBA AS BASES DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS E CAMIÑOS. EXPTE. 27894/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/06/16, da técnica de Admon. Xeral de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

### **“ANTECEDENTES**

*I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11/12/2015, acordou aprobar as bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de Enxeñeiros/as Industriais. As devanditas bases foron publicadas no BOP nº 6 do 12/01/2016.*

*II. O colexio oficial de enxeñeiros industriais de Galicia (ICOIIG), con Rexistro de entrada de data 22/01/2016 (DOC. 160007447), interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 11/12/2015 (publicado no BOP nº 6 do 12/01/2016), pola que se aprobaron as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos como enxeñeiros industriais, subgrupo A1, considerando errónea a titulación de “grao en enxeñería industrial ou equivalente” esixida na Base II apartado e) para ser admitido á realización do proceso selectivo.*

*III. Con Rexistro de entrada no Concello de Vigo de data 01/03/2016 (DOC. 160024836), o colexio oficial de peritos e enxeñeiros técnicos industriais de Vigo, solicita que se lle dea traslado de dita impugnación e se comuniquen aos titulados co grao en enxeñería que se tivesen presentado ao proceso selectivo en defensa dos seus dereitos.*

*IV. Mediante notificación de data 31/03/2016 (recibida o 06/04/2016) deuse traslado ao colexio de peritos do recurso de reposición interposto, outorgándolle un trámite de audiencia de dez días, de conformidade co previsto no artigo 112 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), para formular as alegacións e documentos que considerasen oportunos en defensa dos seus dereitos, antes de formular proposta de resolución definitiva. Indicábase, así mesmo que se procedería á publicación de anuncio mediante inserción no Boletín Oficial*

da Provincia de conformidade co previsto no artigo 59.6.b) LRX-PAC, a fin de que quenes teñan presentado a instancia para participar en dito procedemento selectivo poidan ter coñecemento da devandita impugnación e dispoñan dun prazo de dez días a contar dende o día seguinte ao da publicación, para achegar as alegacións e documentos que estimen oportunos.

V. Ao tratarse dun procedemento selectivo ou de concorrencia competitiva, procedeuse de conformidade co previsto no artigo 59.6.b) LRX-PAC, á publicación de anuncio mediante inserción no Boletín Oficial da Provincia nº 70 do 13/04/2016, a fin de que quenes tivesen achegado a instancia para participar en dito procedemento selectivo poidan ter coñecemento da devandita impugnación e dispoñan dun prazo de dez días a contar dende o día seguinte ao da publicación, para achegar as alegacións e documentos que estimen oportunos.

O expediente estivo a disposición para consulta e obtención de copia (previa exacción da taxa correspondente) nas dependencias municipais da Área de Recursos Humanos e Formación, sitas no primeiro andar da Casa do Concello, en horario de atención ao público de 9:00h a 14:00h.

VI. Segundo consta na certificación da secretaria do Goberno Municipal de data 05/05/2016, durante o prazo sinalado no edito deste Concello, publicado no BOP nº 70 do 13/04/2016, presentouse reclamación polo Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo (DOC. 160051302).

VII. Con Rexistro de entrada no Concello de Vigo de data 22/04/2016 (DOC. 160051302), don Jorge Cerqueiro Pequeño, en calidade de decano do colexio oficial de peritos e enxeñeiros técnicos industriais de Vigo (COITIVIGO), achega escrito de alegacións no que, en síntese, manifesta que o artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público establece que os corpos e escalas se clasifican, dacordo coa titulación esixida para o acceso aos mesmos, indicando que para o acceso aos corpos e escalas dos Subgrupos A1 e A2, esixírase estar en posesión do título universitario de Grao. Naqueles casos nos que a Lei esixa outro título será este o que se teña en conta.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I. Recurso de reposición:**

O recurso de reposición achegado reúne os requisitos obxectivos e temporais que para a súa admisibilidade esixen os artigos 116 e 117 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polo que cómpre admitilo a trámite e proceder á análise das alegacións achegadas.

### **II. Alegacións:**

O ICOIIG, en síntese, considera errónea a titulación esixida de “grao en enxeñería industrial ou equivalente”, establecida na Base II, apartado e) para ser admitido á realización do proceso selectivo de enxeñeiros industriais (subgrupo A1); engade que o apartado olvida mencionar o título pre-Bolonia de Enxeñeiro Industrial que mantén todos os seus efectos académicos e profesionais; que tras a reforma na estrutura de estudos e titulacións operada polo RD 1393/2007, sobre ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, a profesión regulada de Enxeñeiro Industrial require estar en posesión dun título oficial de Máster obtido de acordo co previsto no artigo 15.4 do referido RD, conforme ás condicións establecidas no

Acordo do Consello de Ministros do 26/12/2008, en virtude do cal se ditou a Orde CIN/311/2009, do 09 de febreiro, que establece os requisitos dos plans de estudos conducentes á obtención dos títulos de Máster que habilitan para o exercicio da profesión de enxeñeiro industrial; que como establece a resolución do 21/07/2015 da Dirección xeral de Política Universitaria pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 10/07/2015, o título de Universitario Oficial de Enxeñeiro Industrial se corresponde co nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES), que á súa vez, se corresponde co nivel de máster (art. 4 do RD 1027/2011, do 15 de xullo); e finalmente, solicita se estime o recurso e se anule o acordo da Xunta de Goberno Local impugnado, modificando o seu apartado e) da Base II para que a titulación esixida para a admisión ao proceso selectivo sexa a de enxeñeiro industrial ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro industrial, por ser a esixible para o acceso á escala de enxeñeiros industriais pola Disposición Adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Pola súa banda, o COITIVIGO, alega que o artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público establece que os corpos e escalas se clasifican, dacordo coa titulación esixida para o acceso aos mesmos, indicando que para o acceso aos corpos e escalas dos Subgrupos A1 e A2, esixírase estar en posesión do título universitario de Grao. Naqueles casos nos que a Lei esixa outro título será este o que se teña en conta.

### **III. Acceso aos corpos e escalas dos Subgrupos A1 e A2:**

#### **- Ordenación das ensinanzas universitarias oficiais:**

A progresiva harmonización dos sistemas universitarios esixida polo proceso de construción do Espacio Europeo de Educación Superior, iniciado en 1999 coa Declaración de Bolonia e a Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, senta as bases precisas para realizar unha profunda modernización da Universidade española. Así, entre outras importantes novidades, o novo Título VI da Lei establece unha nova estruturación das ensinanzas e títulos universitarios oficiais, que permite reorientar o proceso anteriormente citado de converxencia das nosas ensinanzas universitarias cos principios dimanantes da construción do Espacio Europeo de Educación Superior.

O R.D. 967/2014, do 21 de novembro, establece os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a convalidación de estudos extranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico e Diplomado, de xeito que:

- No **BOE do 12/08/2015**, publicouse a Resolución do 21 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Política Universitaria, pola que se publica o acordo do Consello de Ministros do 10/07/2015, polo que se determina o nivel de correspondencia ao nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior do Título Universitario Oficial de Enxeñeiro Industrial; en virtude do cal o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá expedir os certificados de correspondencia indicando o nivel MECES e o nivel do Marco Europeo de Cualificacións – indicando que o nivel 3 de MECES se corresponde co nivel 7 do Marco Europeo de Cualificacións.



- No **BOE do 12/08/2015** publicouse a Resolución do 21 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Política Universitaria, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 10 de xullo de 2015, polo que se determina o nivel de correspondencia ao nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior do Título Universitario Oficial de Enxeñeiro Técnico Industrial, Especialidade en Electricidade, indicando que corresponde co nivel 2 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior e co nivel 6 do Marco Europeo de Cualificacións.

Do mesmo xeito ocorre, co Título Universitario Oficial de Enxeñeiro Técnico Industrial, nas diversas Especialidades en Electrónica Industrial, en Mecánica, en Química Industrial, e en Especialidade Textil.

A este respecto, cómpre indicar que o Real Decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, establece catro niveis de cualificación en función dos resultados de aprendizaxe que proporcionan os estudos oficiais: o nivel de Técnico Superior se inclúe no nivel 1, o de Grao no nivel 2, o de Máster no nivel 3, e o de Doutor no nivel 4.

O artigo 24.6 do Real Decreto 967/2014 di textualmente: “Las resoluciones de correspondencia de los títulos a un determinado nivel del Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior causarán los efectos académicos y profesionales de conformidad con la normativa sectorial correspondiente, asociados a las enseñanzas incluidas en dichos niveles.”

Porén, a disposición adicional oitava, indica que este Real Decreto non resulta de aplicación ao réxime de titulacións esixible para o ingreso nas Administracións públicas.

#### **- Normativa estatal:**

A Administración Pública está obrigada a garantir a plena observancia de que os procesos selectivos se desenvolvan garantindo os principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia competitiva recollidos no artigo 55 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), e demais normativa sectorial de concordante aplicación.

O art. 133 do Real Decreto legislativo 781/1985, establece que o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local axustarase á lexislación básica do Estado sobre función pública, e establecerase tendo en conta a conexión entre o tipo de probas a superar e a adecuación aos postos de traballo que se vaian desempeñar, incluíndo a tal efecto as probas prácticas que sexan precisas.

No ámbito do sector público local, impera a obrigatoriedade de observancia da lexislación básica ex artigo 2.1 do RD legislativo 2/2015, do 30 de outubro, así como da lexislación de función pública no ámbito autonómico correspondente (artigo 7 Lei autonómica 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia).

No non previsto na normativa estatal, aplicarase a regulamentación que para o ingreso na función pública estableza a respectiva Comunidade Autónoma, e supletoriamente, o Real Decreto 2223/1984, de 19 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

O TREBEP dispón no seu artigo 76 que os corpos e escalas se clasifican, dacordo coa titulación esixida para o acceso aos mesmos, indicando que para o acceso aos corpos e

escalas dos Subgrupos A1 e A2, esixírase estar en posesión do título universitario de Grao. Naqueles casos nos que a Lei esixa outro título será este o que se teña en conta. A clasificación dos corpos e escalas en cada Subgrupo estará en función do nivel de responsabilidade das funcións a desempeñar e das características das probas de acceso.

De acordo co exposto, para acceder aos grupos A1 e A2 da Función Pública, a titulación requirida é a de Grao, e as condicións para que a praza sexa A1 ou A2, serán a responsabilidade do posto e as probas de acceso.

**- Normativa autonómica:**

A vixente Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia establece o seguinte:

O artigo 40.3 dispón que as leis de creación de corpos e escalas do persoal funcionario conterán, entre outros elementos, as funcións que deba desempeñar o persoal que o integra, que non poderán corresponderse coas atribuídas aos órganos da Administración; e o nivel de titulación/titulacións concretas esixidas para o ingreso. No en tanto o anterior, cando se aproben novas titulacións ou se produzan modificacións na normativa educativa vixente, o Consello da Xunta de Galicia, mediante decreto, poderá establecer as titulacións equivalentes ou que substitúan a estes efectos ás legalmente esixidas.

O artigo 41 dispón que o personal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia se agrupa en corpos de Administración xeral e corpos de Administración especial, nos que poderán crearse diferentes escalas. Cando o contido técnico e particularizado de determinados postos de traballo esixa como requisito para o seu desempeño unha maior especialización de coñecementos para o exercicio das funcións dos corpos e escalas, poderán crearse mediante decreto especialidades dentro dos mesmos. A asignación de especialidades realizarase a través das relacións de postos de traballo, atendendo ás características dos postos.

Entre os corpos de Administración especial constan os seguintes:

- a) O corpo facultativo superior: Intégrase neste corpo o persoal funcionario seleccionado para ocupar postos que teñan atribuída a realización de actividades profesionais para cuxo desempeño se precise dunha titulación do mesmo nivel académico que o requirido para o acceso ao corpo superior de Administración xeral: funcións de planificación, administración e xestión superior dos recursos, servizos, proxectos e programas, tales como propoñer normas, diseñar procedementos administrativos, diseñar e implantar sistemas de xestión, avaliación e mellora continua, preparar ou diseñar modelos de resolucións administrativas e elaborar informes e estudos para a toma de decisións.
- b) O corpo facultativo de grao medio: Intégrase neste corpo o persoal funcionario seleccionado para ocupar postos que teñan atribuídas funcións profesionais para cuxo desempeño se requira duna titulación do mesmo nivel académico que o requirido para o acceso ao corpo de xestión de Administración xeral: funcións de colaboración técnica coas de nivel superior, así coma de aplicación das normas, xestión dos procedementos administrativos, propostas de resolución de expedientes normalizados e estudos e informes que non correspondan a tarefas de nivel superior.

O artigo 42 dispón que os corpos e escalas do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia se clasifican nos seguintes grupos e subgrupos, de conformidade coa titulación esixida para o acceso aos mesmos:

a) **Grupo A.** Para o acceso a este grupo é necesario estar en posesión do título universitario oficial de grao, agás nos supostos nos que unha norma con rango de lei esixa outro título universitario oficial.

– **Subgrupo A1.** Pertencen a este subgrupo o corpo superior de Administración xeral e o corpo facultativo superior de Administración especial.

– **Subgrupo A2.** Pertencen a este subgrupo o corpo de xestión de Administración xeral e o corpo facultativo de grao medio de Administración especial.

**- Pronunciamento xurisprudencial sobre a materia:**

Segundo a máis recente xurisprudencia na materia, compre destacar a sentenza nº 1589/2016, do Tribunal Supremo, do 09/03/2016, que falla a favor do recurso de casación nº 341/2015 interposto contra a sentenza da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra do 07/11/2014 (ditada no recurso contencioso-administrativo 203/2013), e anula, por non ser conforme a dereito a actuación administrativa obxecto de impugnación xurisdiccional, condenando ao Instituto Navarro de Administración pública ao nomeamento do recorrente.

O Instituto Navarro de Administración pública, mediante resolución 43/2011, do 10 de maio, convocou a provisión, mediante oposición, de cinco prazas de enxeñeiro industrial ao servizo da Comunidade Foral de Navarra, establecendo como requisito para todos os aspirantes estar en posesión do título de enxeñeiro industrial ou equivalente ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes. O recorrente (graduado en Enxeñería Eléctrica) superou as probas selectivas e o tribunal cualificador o incluíu na proposta de nomeamento, pero mediante Resolución 2296/2012, do 10 de setembro da Dirección Xeral de Función Pública, declarou a imposibilidade de nomealo por non cumprir o requisito de titulación establecido na convocatoria. O afectado plantexou recurso de alzada que lle foi desestimado por Orde Foral 153/2013, do 25 de marzo, que foi recorrida xurisdiccionalmente, téndose desestimado o recurso contencioso-administrativo interposto mediante a citada sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra.

O argumento principal esgrimido pola Orde Foral para negar validez ao título achegado polo aspirante foi precisamente o disposto na Orde do Ministerio de Ciencia e Innovación CIN/311/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecían os requisitos de verificación dos títulos oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro industrial, sinalando que eran os de Máster, dacordo co establecido no Acordo do Consello de Ministros do 26/12/2008 (polo que se establecían as condicións a que deberían adecuarse os plans de estudo conducentes á obtención de títulos que habiliten ás distintas profesións reguladas de enxeñeiro).

Xa que logo, cómpre reproducir a continuación - polo seu interese e, en resposta ás alegacións achegadas ao presente expediente - as consideracións contidas no fundamento de dereito SÉPTIMO da sentenza, que estima que se produciu a vulneración invocada polo recorrente por terse inaplicado o artigo 76 do EBEP:

1. O artigo 76 EBEP é de obrigada observancia en todas as CCAA, xa que segundo o establecido no artigo 1 e na disposición final primeira de dito texto legal, as disposicións do Estatuto contido no mesmo constitúen bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos incluídos no seu ámbito de aplicación ditadas ao amparo do artigo 149.1.18 da CE; e o seu artigo 2 expresamente inclúe dentro do seu ámbito de aplicación ao persoal funcionario ao servizo das Administracións das CCAA.
2. O devandito artigo establece sen ningún xénero de dúbidas que o título universitario de grao é válido e suficiente para o acceso aos corpos e escalas funcionariais do grupo A cunha única salvidade: “En aquellos supuestos en los que la ley exija otro título universitario será este el que se tenga en cuenta”.

3. *Que hai diferencias entre o exercicio profesional no ámbito privado e o que é inherente ao desempeño da función pública, polo que poden ser diferentes as esixencias de titulación dispostas para esas dúas distintas modalidades de exercicio profesional. E así é dende o momento en que para o exercicio funcional se esixe, adicionalmente á titulación, a superación dunhas probas e procedementos selectivos dirixidos a xustificar que se poseen cun elevado nivel de esixencia os coñecementos teóricos e as destrezas prácticas que son necesarios para a actividade profesional a que estea referido o posto funcional de que se trate.*
4. *A suficiencia para o exercicio de actividades de carácter profesional das ensinanzas correspondentes ao ciclo de Grao, así coma do título de graduado/a correspondente a elas, o dispón tamén o artigo 9.1 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro (polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais) e o seu artigo 12.4 establece así mesmo, que o título de graduado/a poderá estar adscrito, entre outras, á rama de coñecemento de "Ingeniería y Arquitectura". E o anterior é coherente, por outra parte, co proceso de construción do Espacio Europeo de Educación Superior iniciado pola denominada Declaración de Bolonia de 1999.*
5. *Engade que non pode compartirse que a esixencia para o exercicio profesional dunha titulación distinta á de graduado resulte do disposto nos artigos 37 e concordantes da Lei 6/2001, do 21 de decembro de Universidades, pois tales preceptos non se pronuncian sobre habilitación profesional que comportan os títulos universitarios.*
6. *A falta de mención ao título de graduado na convocatoria litixiosa non pode considerarse unha exclusión do mesmo senón unha laguna a completar co establecido no artigo 76 do EBEP.*
7. *Cómpre lembrar, por último, que a xurisprudencia constitucional que preconiza que a interpretación dos dereitos fundamentais deberá de ser realizada no sentido máis favorable á súa máxima efectividade, e subliñarse que este criterio é incompatible coa admisión de restricións que non estean suficientemente xustificadas.*

**- Configuración, ordenación e estruturación dos postos de traballo no ámbito das Administracións públicas:**

*O artigo 74 do TREBEP, establece que "las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos".*

*Xa que logo, as relacións de postos de traballo constitúen non só instrumentos de ordenación e organización do persoal, senón tamén expresión concreta das potestades públicas de autoorganización e planificación legalmente recoñecidas ás entidades locais (artigo 4.1, apartados a) e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).*

*Así mesmo e, tal e como se indicou con anterioridade, o artigo 41 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, dispón que cando o contido técnico e particularizado de determinados postos de traballo esixa como requisito para o seu desempeño unha maior especialización de coñecementos para o exercicio das funcións dos corpos e escalas, poderán crearse mediante decreto especialidades dentro dos mesmos.*

*A asignación de especialidades realizarase a través das relacións de postos de traballo,*

atendendo ás características dos postos.

De acordo coa fundamentación anteriormente exposta conclúese que, con carácter xeral, calquera Graduado podería acceder ao subgrupo A1, agás no caso de que as administracións públicas, en virtude da súa potestade de organización, esixan unha profesión determinada para ocupar un posto concreto, ao que unicamente poderían acceder os profesionais de Enxeñería Industrial - á que se accede, ben co título de Enxeñeiro Industrial ou co Grao xunto co Máster de Enxeñeiro Industrial consonte á Orde CIN 311/2009 - pero non os Enxeñeiros Técnicos Industriais, aínda que dispoñan da titulación de grao e un ou varios Máster Universitario Oficiais especialistas (de 60 ECTS: Prevención de Riscos Laborais, Enerxías Renovables, Medio Ambiente, etc...), que pese a que poderían acadar a correspondencia co nivel 3 do MECES e co nivel 7 do Marco Europeo de Cualificacións, non habilitan para o exercicio da profesión regulada de Enxeñeiro Industrial.

En liña co anterior e a título de exemplo, no BOE do 01/09/2015, publicouse a Orde IET/1767/2015, do 09 de agosto, do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso, polo sistema xeral de acceso libre, ao Corpo de Enxeñeiros Industriais do Estado, logo do informe da Dirección xeral da Función Pública, contemplando coma titulación esixible: "Estar en posesión o cumprir los requisitos necesarios para obtener el título de Ingeniero Industrial o aquel que habilite para el ejercicio de la profesión regulada de Ingeniero Industrial, según establecen las Directivas Comunitarias, al finalizar el plazo de presentación de instancias.

En el caso de titulaciones obtenidas en el extranjero se deberá estar en posesión de la credencial que acredite su homologación o convalidación, en su caso. Este requisito no será de aplicación a los aspirantes que hubieran obtenido el reconocimiento de su cualificación profesional en el ámbito de las profesiones reguladas, al amparo de las disposiciones de Derecho Comunitario."

Así mesmo e, polo que respecta ao ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre advertir que a Xunta de Galicia, na Disposición Adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, regula as súas propias escalas e especialidades dos corpos de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo expresamente no corpo facultativo superior, a escala de enxeñeiros, coa especialidade de enxeñeiros industriais, subgrupo A1, atribuíndolle as funcións de estudo, xestión, execución, proposta e inspección de carácter facultativo superior, de acordo coa titulación esixida e coas funcións concretas asignadas ao desempeño do correspondente posto de traballo, **resultándolle esixible a titulación de enxeñeiro industrial ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro industrial.**

Exemplos do anterior son as recentes convocatorias publicadas nos seguintes diarios oficiais:

- no DOG nº 84 do 03/05/2016, publicouse a ORDE do 12 de abril de 2016, pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio de administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala de enxeñeiros técnicos, especialidade de enxeñaría técnica industrial, esixindo estar en posesión ou en condicións de obter o título de enxeñeiro técnico industrial ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico industrial.

- no DOG nº 85, do 04/05/2016, publicouse a ORDE do 12 de abril de 2016, pola que se convocan os procesos selectivos para o ingreso no corpo facultativo superior de administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de ciencias, especialidades de química e bioloxía e escala de enxeñeiros, especialidade de enxeñaría industrial, esixindo estar en posesión da titulación de Enxeñeiro/a industrial ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro industrial (disposición adicional 9ª da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

A vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, foi aprobada no ano 2010 (BOP nº 220, do 16/11/2010, con sucesivas modificacións, dispoñible na web [transparencia.vigo.org](http://transparencia.vigo.org)), co carácter de documento organizativo interno e estruturador dos postos de traballo do Concello de Vigo, así como dos procedementos de provisión, réxime retributivo e requisitos para o seu desempeño. A devandita RPT ten asignado o código 46 de titulación, concretada no título de "enxeñeiro industrial" (ver páxina 47 da publicación oficial indicada). A devandita RPT non ten aínda adaptadas as titulacións reflectidas dacordo coa vixente ordenación das ensinanzas universitarias, estando pendente da súa revisión.

No exercicio da referida potestade de autoorganización, figuran tamén como anexo á RPT as Guías de Funcións dos Postos de Traballo (aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/09/2010) e que constitúen un documento de carácter técnico e alcance descritivo do contido funcional inherente a cada un dos postos de traballo tipo existentes.

Nas mesmas, e con respecto aos postos de enxeñeiros industriais, atribúese aos postos de **Enxeñeiro/a superior, subgrupo A1**, as funcións da súa competencia, dacordo coa propia natureza do posto de traballo e a área e servizo ao que pertence, así como dacordo á súa titulación e especialidade profesional, respectando o marco regulamentario e normativo aplicable e o código deontolóxico, de ser o caso e, en concreto as de elaboración e emisión de informes, taxacións e estudos, xestión das obras e proxectos (redacción de proxectos, direccións facultativas de obras, inspección e supervisión), elaboración de pregos de prescricións técnicas e económicas, efectuar propostas de mellora dos procedementos, etc, e en xeral, calquera outra función de análoga natureza que lle sexa encomendada polo seu superior xerárquico, en relación co servizo e coa súa categoría.

As devanditas funcións coinciden no substancial coas esixidas para acceso ao corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no Subgrupo A1.

Tal e como consta nas bases selectivas impugnadas polo presente recurso de reposición, o obxecto da convocatoria é a selección de persoal para a formación dunha bolsa de emprego de **Enxeñeiro/a Industrial**, que permita a cobertura interina de enxeñeiros industriais dos postos contemplados na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, nos supostos previstos no art. 10.1 do TREBEP; motivo polo cal as bases deben, necesariamente, harmonizar coas previsións do instrumento interno de ordenación de persoal vixente.

Xa que logo e, en atención ao anteriormente exposto cómpre concluir que a titulación esixible para o acceso ao procedemento selectivo obxecto de impugnación é a de enxeñeiro industrial ou grao en enxeñaría industrial ou equivalente dacordo co previsto na actual RPT do Concello de Vigo.

*Isto sen prexuízo, de que en virtude da referida potestade pública de autoorganización e planificación legalmente recoñecida, se proceda ao análise e estudo do contido técnico e particularizado de determinados postos de traballo da RPT, que esixa como requisito para o seu desempeño unha maior especialización de coñecementos, que determine a esixibilidade da titulación de enxeñeiro industrial ou máster para o exercicio das funcións de enxeñeiro industrial.*

### **CONCLUSIÓNS:**

*1º) En atención á motivación anteriormente exposta, cómpre estimar parcialmente a alegación achegada polo ICOIIG, aos únicos efectos de que, que sen xénero de dúbida, o título pre-Bolonia de Enxeñeiro Industrial mantén todos os seus efectos académicos e profesionais para o acceso á escala de Administración especial, Subgrupo A1, de enxeñeiros industriais.*

*2º) Así mesmo, e tal e como resultou acreditado, tanto a normativa estatal coma a autonómica anteriormente mencionada, así coma a xurisprudencia do Tribunal Supremo máis recente, admiten o grao para o acceso ao Subgrupo A1.*

*3º) E isto sen prexuízo de que no exercicio das potestades públicas de autoorganización e planificación legalmente recoñecida, poidan esixirse outras titulacións para o acceso a determinados postos, tal e como reflicte a DA 9ª da Lei de emprego público de Galicia, que regula as escalas e especialidades dos corpos de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, esixindo para o acceso ao corpo facultativo superior, escala de enxeñeiros, subgrupo A1, a titulación universitaria de enxeñeiro industrial ou máster para o exercicio das funcións de enxeñeiro industrial.*

*3º) Dacordo co exposto, a titulación para participar no presente proceso selectivo, contida na base II apartado e), esixible para o desempeño das funcións e responsabilidade asignadas aos postos de enxeñeiros industriais, corpo facultativo superior, subgrupo A1 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, é a **titulación de enxeñeiro industrial ou grao en enxeñería industrial ou equivalente.***

### **VI. Competencia:**

*De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte*

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** *Estimar parcialmente, de conformidade coa fundamentación exposta, o recurso de reposición interposto polo Colexio oficial de enxeñeiros industriais de Galicia (ICOIIG), con Rexistro de entrada de data 22/01/2016 (DOC. 160007447), ao considerar que o título pre-Bolonia de Enxeñeiro Industrial mantén todos os seus efectos académicos e profesionais para o acceso á escala de Administración especial, Subgrupo A1, de enxeñeiros industriais, polo que cómpre a rectificación do acordo adoptado pola Xunta de*

Goberno Local en data 11/12/2015 (publicado no BOP nº 6 do 12/01/2016), unicamente no que se refire á redacción da Base II, apartado e) das bases reitoras do proceso selectivo, que deberá reflectir como titulación esixible a de **“enxeñeiro industrial ou grao en enxeñería industrial ou equivalente”** para ser admitido á realización do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos como enxeñeiros industriais, subgrupo A1.

**SEGUNDO:** Desestimar, de conformidade coa fundamentación exposta, o resto das alegacións presentadas no recurso de reposición interposto polo Colexio oficial de enxeñeiros industriais de Galicia (ICOIIG), con Rexistro de entrada de data 22/01/2016 (DOC. 160007447), toda vez que tanto a normativa estatal de carácter básico coma a normativa autonómica de desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia así coma a máis recente xurisprudencia do Tribunal Supremo ( STS 1589/2016 do 09/03/2016), **admiten o grao para o acceso ao Subgrupo A1.**

**TERCEIRO:** Notificar o presente acordo ao Colexio oficial de enxeñeiros industriais de Galicia (ICOIIG), ao colexio oficial de peritos e enxeñeiros técnicos industriais de Vigo (COITIVIGO), á Intervención Xeral Municipal, ao Comité de Persoal e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

**CUARTO:** Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para público e xeral coñecemento, informando de que se continuará co devandito proceso selectivo, procedéndose á maior brevidade á publicación das listas provisionais de admitidos e excluídos.

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**29(560).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AXUDANTE DE OFICIOS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1.D) DO RD LEXISLATIVO 5/2015 DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TRLEBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE DESINFECCIÓN. EXPTE. 28064/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 01/06/16, dáse conta do informe-proposta do 27/05/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

#### **"ANTECEDENTES**

I. Mediante escrito da Directora do Laboratorio Municipal coa conformidade da Concelleira-Delegada de Medio Ambiente e Xuventude de data 26 de xaneiro de 2016, solicítase o nomeamento interino por acumulación de tarefas dun axudante de oficios como apoio aos oficiais desinfectores da plantilla que permita que o servizo continúe aplicando os tratamentos de mantemento e revisión para evitar que se superen os umbrais de tolerancia e se poidan producir consecuencias directas sobre a saúde da poboación, dando así mesmo resposta a todas as solicitudes que actualmente se reciben no servizo, coa agravante do



*inminente comezo da campaña de desratización do termo municipal para o presente ano 2016.*

*II. En atención a dito escrito, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, mediante instrución de servizo de data 03/05/2016, ordenou a incoación de expediente administrativo para proceder á correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local, dun/dunha Axudante de Oficios por un prazo máximo de seis meses, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*III. En cumprimento do ordenado, con data 24/05/2016, o técnico de Organización e Planificación de RRHH, formula a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.*

*En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).*

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

*Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 147- Axudante de Oficios) da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.*

*O artigo 10.6 do EBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa*

na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñen funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Segundo informa o técnico de Organización e Planificación de RRHH en data 24/05/2016, a xornada laboral do traballador nomeado desenvolverase preferentemente de luns a domingo, en xornada continuada de 07,30 a 15 horas ou, en xornada de tarde/noite no mesmo horario que o restante persoal adscrito ao servizo de Desinfección, atendendo ás necesidades do Servizo e garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

## **II. Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito da Directora do Laboratorio Municipal coa conformidade da Concelleira-Delegada de Medio Ambiente e Xuventude de data 26 de xaneiro de 2016, así coma na instrución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 03/05/2016, na que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do técnico de Organización e Planificación de RRHH, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, dacordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, tendo a consideración de servizo público esencial, xa que a prestación do servizo de protección da salubridade pública é competencia propia e responsabilidade do Concello, segundo se recolle no art. 25, parágrafo 2, letra j) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

## **III. Proposta de gasto:**

Dacordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun axudante de oficios para o Servizo de Desinfección, supón un gasto de 10.630,83€, ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.688,90 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

#### **IV. Verificación das listas de reserva:**

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo.

Segundo consta no informe técnico de data 24/05/2016, en execución da última oferta de emprego público do 2008 deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de vinteseite prazas de Axudantes de Oficios, figurando na acta do tribunal de data 26 de decembro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, tras a autorización da Xunta de Goberno Local do 20 de xaneiro anterior.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do TREBEP, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

De conformidade co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 24/05/2016, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos obrantes nesta Área, corresponde o nomeamento como axudante de oficios do aspirante que figura na posicións núm. **67-Sánchez Figueroa, Javier con DNI 36.133.791-T**, que aceptou expresamente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de

tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do TREBEP acreditando nesta Área de Recursos Humanos e Formación os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

#### **V. Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Axudante de Oficios, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do EBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Desinfección, contida no escrito da Directora do Laboratorio Municipal coa conformidade da Concelleira-Delegada de Medio Ambiente e Xuventude de data 26 de xaneiro de 2016 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 10.630,83€, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico de data 24/05/2016, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, de conformidade co informe do técnico de Organización e Planificación de data 24/05/2016, ao nº **67-DON JAVIER SÁNCHEZ FIGUEROA, con DNI 36.133.791-T**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Axudantes de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 147- Axudante de Oficios, sendo adscritos ao Servizo de Desinfección (código 313-Laboratorio municipal), sen prexuízo de que de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a domingo, en xornada continuada de 07,30 a 15 horas ou, en xornada de tarde/noite no mesmo horario que o restante persoal adscrito ao servizo de Desinfección, atendendo ás necesidades do Servizo e garantindo os períodos de descanso

*regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.*

**QUINTO:** *Notificar o presente acordo ao/s aspirante/s nomeado/s, ao servizo de Educación, á Intervención Xeral, e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**30(561).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVA, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1.D) DO RD LEXISLATIVO 5/2015 DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TRLEBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE COMERCIO. EXPTE. 28080/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 02/06/16, dáse conta do informe-proposta do 31/05/16, da técnica de Admon. Xeral de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

**"ANTECEDENTES**

*I. Mediante escrito do xefe do Servizo de comercio, p.a o xefe da Área de Servizos Xerais, coa conformidade do concelleiro delegado de Parques e Xardíns, Comercio, Participación cidadá e Distritos de data 06/04/2016, solicítase que se proceda ao nomeamento interino dun/unha Auxiliar Administrativo/a, en atención ás funcións básicas de mercados e venda ambulante incorporadas recentemente ao servizo e ao ter rematado en data 08/05/2016 o nomeamento interino da auxiliar administrativa que tiñan adscrita, de xeito que a partir desa data non hai ninguén que asuma esas tarefas.*

*II. En atención a dito escrito, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ordenou en data 06/05/2016 que pola Área de Recursos Humanos e Formación se inicie o expediente administrativo para proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de un/unha Auxiliar Administrativo/a por un período máximo de seis meses, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*III. En cumprimento do ordenado, con data 30/05//2016, o técnico de Organización e Planificación de RRHH, formula a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.*

*En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).*

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

*Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (cód. 138), Auxiliar Administrativo/a, adscrita ao Servizo de Comercio (cód. 015), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.*

*O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.*

*Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo e, dacordo co informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -7,30 a 15,00 horas-,*

con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde se por necesidades do servizo fose requirido, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

## **II. Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito do xefe do Servizo de comercio, p.a o xefe da Área de Servizos Xerais, coa conformidade do concelleiro delegado de Parques e Xardíns, Comercio, Participación cidadá e Distritos de data 06/04/2016, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal de data 06/05/2016, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do técnico de Organización e Planificación de RRHH, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, dacordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expte. 27576/220) a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación do servizo de ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante como prioritario no Concello de Vigo, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.i), así coma de servizo obrigatorio (mercados) de entre os reflectidos no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

## **III. Proposta de gasto:**

Dacordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha auxiliar de administración xeral para o Servizo de Montes, Parques e Xardíns, supón un gasto de 10.855,14€, ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.484,50€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

## **IV. Verificación das listas de reserva:**

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación

final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.”

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: “VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”, a contar dende a data de adopción do referido acordo.

Segundo consta no informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, en execución da última oferta de emprego público do 2008 deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do TREBEP, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser nomeados/as ou contratados como persoal interino ou laboral.

Segundo informa o técnico de Organización e Planificación, neste intre existe unicamente unha candidata en disposición de ser nomeada por acumulación de tarefas da lista derivada da execución da última oferta de emprego público a que se refire o anterior parágrafo, xa que o resto dos/das aspirantes que aínda permanecen na lista atópanse prestando servizos neste Concello ou non cumpren o período mínimo de seis meses dende o remate do seu último nomeamento neste Concello tal e como establece o art. 10.1.d) do TREBEP.

Xa que logo, seguindo estritamente a orde da lista á que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos que obran nesta Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas da aspirante que figura na posición núm. 30-FERNÁNDEZ IGLESIAS, BEATRIZ ANUNCIACIÓN, DNI 36.053.544-D e núm. de persoal 80629, que aceptou expresamente o mesmo e acreditou nesta Área de Recursos Humanos e Formación todos e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

## **V. Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral



Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia do nomeamento dun/ha auxiliar administrativo/a funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do EBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Comercio, contida no escrito do xefe do Servizo de comercio, p.a o xefe da Área de Servizos Xerais, coa conformidade do concelleiro delegado de Parques e Xardíns, Comercio, Participación cidadá e Distritos de data 06/04/2016, e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 10.855,14€, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos nos informes técnicos, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, de conformidade co informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, a dona BEATRIZ ANUNCIACIÓN FERNÁNDEZ IGLESIAS, con DNI 36.053.544-D, na súa condición de seguinte aspirante na lista derivada da última oferta de emprego público deste Concello do ano 2008, polo que tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17/01/2012.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (cód. 138) Auxiliar Administrativo/a, adscrita ao Servizo de Comercio (código 015), sen prexuízo de que de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral da traballadora nomeada desenvolverase, dacordo co informe do técnico de Organización e Planificación de data 30/05/2016, preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -7,30 a 15,00 horas-, con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde se por necesidades do servizo fose requirido, garantíndose os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ao/a/s aspirante/s nomeado/s, ao servizo de Montes, Parques e Xardíns, á Intervención Xeral, e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **31(562).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO PRÉSTAMO TEMPORAL DE 9 OBRAS DE CASTELAO PARA EXPOSICIÓN NO MUSEO DE PONTEVEDRA. EXPTE. 5677/337.**

Dáse conta do informe-proposta do 31/05/1, do director do Museo, conformado polo xefe de Museos Municipais, polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Cultura:

*“Con data 6 maio de 2016 recíbese no Museo municipal “Quiñones de León” escrito do Director do Museo de Pontevedra, no que se informa da organización para o presente ano da exposición “MEU PONTEVEDRA. CASTELAO 1916-1936)” que se celebrará na sala de exposicións temporais do seu Sexto Edificio e que estará aberta ao público do 28 de xuño ao 11 de setembro de 2016.*

*O proxecto da exposición é conmemorar o centenario da chegada de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao a Pontevedra, e mostrar, así, os fitos da biografía e traxectoria creativa de Castelao durante eses 20 anos de residencia en Pontevedra, así como achegar ao público ao contexto social, cultural, económico e político da cidade de Pontevedra. Para esta exposición o Museo de Pontevedra solicita formalmente ao Museo municipal “Quiñones de León” o préstamo temporal das obras que seguen:*

- **Artista:** Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
- **Nº Inv.:** 574, 577, 578, 579, 580, 581, 582, 583 e 584
- **Técnica:** Debuxo/papel
- **Dimensións:** 40,5 x 45,5cm /22x 32 cm.
- **Títulos:** “Agora nos camposantos” “Por que eu son capás” “Para que servirá a Constitución” “Hai que acabar cos caciques” “Eu ben sei” “Os rapaces” “A lei agraria para Galicia” “¿Qué difencia hay?” “Que ruín sodes”
- **Valor a efecto de seguro:** 3.000 euros por unidade.

*Achego ao escrito inclúese o formulario de préstamo así como o relatorio de condicións técnicas para exposicións do Museo de Pontevedra.*

*Estudado o Facility Report que establece as condicións climáticas, de iluminación e seguridade da sala onde terá lugar a exposición para a que se solicitan as obras, enténdese que éstas contemplan todas as condicións que se consideran suficientes para proceder ao préstamo.*

### **DISPOSICIÓN LEGAIS.**

*Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local  
Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

*RD 1372/1986, de 13 de xuño, de Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

*O museo municipal “Quiñones de León” de Vigo foi declarado monumento histórico-artístico mediante decreto 474/1962 de 1 de marzo; e conseguintemente, coas súas coleccións,*

contan coa declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) mediante Resolucíons de 10 e 19 de abril de 1991 da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia.

Segundo establece o artigo 14.2 da Lei 8/1995 de 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia (en trámite de derogación por aplicación da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia - DOG núm 92, de 16 de maio de 2016-) o rexistro dos Bens de Interese Cultural de Galicia terá por obxecto a anotación e inscrición dos actos que afecten á súa identificación e localización... polo que procede solicitar autorización previa de saída de obra á Xunta de Galicia.

Vistos os antecedentes e dado o interese cultural da exposición así como a oportunidade para a divulgación do patrimonio artístico da colección de arte do Museo municipal "Quiñones de León", a dirección deste museo propón á **Xunta de Goberno Local**:

**1.-** "Autorizar o préstamo temporal das seguintes obras:

- **Artista:** Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
- **Nº Inv.:** 574, 577, 578, 579, 580, 581, 582, 583 e 584
- **Técnica:** Debuxo/papel
- **Dimensións:** 40,5 x 45,5cm /22x 32 cm.
- **Títulos:** "Agora nos camposantos" "Por que eu son capás" "Para que servirá a Constitución" "Hai que acabar cos caciques" "Eu ben sei" "Os rapaces" "A lei agraria para Galicia" "¿Qué difencia hay?" "Que ruín sodes"
- **Valor a efecto de seguro:** 3.000 euros por unidade.

ao Museo de Pontevedra, organizadora da exposición "MEU PONTEVEDRA. CASTELAO 1916-1936)" que se celebrará nese centro do 28 de xuño ao 11 de setembro de 2016, segundo as condicións xerais que se achegan ao expediente". O periodo de préstamo establécese entre o 15 de xuño e o 30 de setembro de 2016

**2.-** "En todo caso, o préstamo queda condicionado á aceptación, por parte do Museo de Pontevedra como promotor da exposición, das condicións xerais de préstamo que se achegan ao expediente, así como á resolución favorable da saída de obra por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia."

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**32(563).- PRÓRROGA DO PRAZO CONTRACTUAL DO CONTRATO DE COLABORACIÓN NOS PROCEDIMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO E NOS PROCEDIMENTOS SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO. EXPTE. 16515/541.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30/05/16, dáse conta do informe-proposta do 12/05/16, do tesoureiro municipal, conformado polo interventor xeral municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **“ANTECEDENTES:**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria celebrada o día 26 de agosto de 2011, adoptou o acordo de “Adxudicar á mercantil *SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.* por procedemento aberto e ordinario a contratación do *SERVIZO DE COLABORACIÓN EN PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DE INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E PROCEDEMENTOS SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO, (EXPT. 10075-541)*”, de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada, formalizándose o oportuno contrato no correspondente documento administrativo o 26 de setembro de 2011.

Conforme ao disposto na cláusula 2.3 do prego de cláusulas administrativas particulares e apartado 7 da FEC, o contrato ten unha duración de 4 (catro) anos contados dende a data de inicio da prestación dos servizos, -o 1 de outubro de 2011-, podendo ser obxecto de 2 (dúas) prórrogas de carácter anual, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses respecto do vencemento do contrato ou calquera das prórrogas.

Con data 22 de maio de 2015, a Xunta de Goberno Local, previa proposta do Sr. Tesoureiro de data 08/05/2015 (expediente 15299), prorrogou o contrato por un prazo dun ano, estando vixente a primeira prórroga ata o 30 de setembro de 2016.

Mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 6 de maio de 2016 (doc. 160057966), D. Pascual Seguí Bañuls, con DNI 73907843b, en calidade de Director Xeral da entidade *SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SL*, manifesta a vontade de continuar prestando os servizos obxecto do contrato no período que comprende a segunda prórroga, de conformidade co disposto no prego de cláusulas, polo que solicita a prórroga prevista do contrato formalizado co Concello de Vigo polo período que media entre o 01 de outubro de 2016 e o 30 de setembro de 2017.

## **INFORME:**

### **I. En relación coa vontade do contratista e oposición á prórroga**

A data de inicio do contrato asinado coa mercantil *SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SL*, foi o 1 de outubro de 2011, a duración inicial deste contrato rematou o 30 de setembro de 2015, téndose aprobada a primeira prórroga polo acordo da XGL de data 22 de maio de 2015, que abrangue o período entre o 1 de outubro de 2015 ata o 30 de setembro de 2016.

Tendo en consideración as necesidades que se pretendían satisfacer co contrato, ao persistir na actualidade as mesmas, deberá adoptarse pola Xunta de Goberno Local un acordo expreso de prórroga contractual nos termos previstos na cláusula 2.3 do prego de cláusulas administrativas particulares e o apartado 7 da FEC. No prazo previsto no PCAP, non hai oposición á prórroga polo contratista, téndose que producir o rexeitamento cunha antelación de cinco meses, situación que non concorre no expediente. En relación co anterior, hai que manifestar a predisposición da adxudicataria do servizo a continuar coa prestación do mesmo durante o período da segunda e última prórroga, non constando oposición da mesma dentro do prazo de antelación indicado nos citados documentos.

## **II. Xustificación da mesma**

*No informe desta tesourería de data 21 de xuño de 2010, -xustificativo das necesidades a satisfacer obrante no expediente 10075/541, poñíase de manifesto, entre outros extremos, a necesidade de contar cun apoio técnico nos procesos e procedementos de xestión executiva en vía de prema para xestionar con maior eficiencia o servizo. A mellora do resultado nas contías da recadación en vía executiva foi substancial, xustificando a toma de decisión feita no seu día e a necesidade de continuar co servizo técnico de apoio.*

*Polo que se refire á necesidade ou conveniencia de manter un contrato de colaboración cos servizos recadatorios municipais, o Concello de Vigo, e máis en concreto os servizos municipais de recadación, non contan coa infraestrutura axeitada para a prestación dos servizos adecuadamente, contando unicamente coa adscrición efectiva do recadador executivo municipal como persoal funcionario, de tal xeito que calquera reconsideración do modelo actual pasaría inescusablemente por dotar previamente aos servizos municipais de recadación dos medios imprescindibles, humanos e materiais (informáticos), para garantir unha adecuada prestación do mesmo. En consecuencia, mentres non concorran as condicións que garantan a prestación adecuada do servizo, é necesario aprobar a segunda prórroga do contrato.*

*Para garantir a continuidade da prestación dos servizos, con data 15 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local aprobou o Prego de Prescricións Técnicas e de Clausulas Administrativas particulares para contratación de servizos de colaboración integral na xestión recadatoria do Concello de Vigo, mediante sistemas de cobro: presencial, autoservizo e telemático, así como a prestación de servizos bancarios de pagos, e apertura dunha oficina institucional (Expte. 16026/541).*

*Na actualidade subsisten as causas que motivaron a licitación e a primeira prórroga, e que tamén están xustificadas na memoria que se achega no expediente 16026/541 en fase de licitación.*

## **IV. Satisfacción na prestación dos servizos contratados**

*A mercantil SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SL, ven prestando ao Concello de Vigo o servizo contratado dende a data de inicio da prestación, con suxeición ás condicións establecidas nos pregos de condicións e cláusulas administrativas particulares, e habéndose obtido uns resultados satisfactorios.*

*No último ano, a recadación feita en vía de apremio foi de 15.047.782,80 euros, tramitándose ademais 2.267 expedientes de fraccionamento e aprazamentos. Así mesmo, tamén se normalizaron os procedementos de subastas de bens. En definitiva, a mellora na xestión é constatable, xerando un efecto positivo nas porcentaxes de recadación voluntaria o o que xustifica a proposta de prórroga que se vai a propor.*

*Polo esposto, entende o funcionario que subscribe que debe procederse a prorrogar o contrato de colaboración dos servizos municipais de recadación na tramitación dos expedientes administrativos de recadación dos ingresos municipais de Dereito Público que se atopan no período executivo de ingreso, así como a colaboración na tramitación dos expedientes para a xestión administrativa e a recadación en período voluntario de ingreso das sancións impostas como consecuencia da tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico, formalizado coa empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL,*

S.L., por un período anual máis, isto é, dende o día 1 de outubro de 2016 ata o día 30 de setembro do ano 2017, última prórroga que prevé o PCAP.

A competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

**PROPOSTA DE ACORDO:**

Prorrogar o contrato de colaboración dos servizos municipais de recadación na tramitación dos expedientes administrativos de recadación dos ingresos municipais de Dereito Público que se atopen no período executivo de ingreso, así como a colaboración na tramitación dos expedientes para a xestión administrativa e a recadación en período voluntario de ingreso das sancións impostas como consecuencia da tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico, formalizado coa empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L., por un prazo dun ano, segundo prórroga do contrato, por o período que vai entre o 1 de outubro de 2016 ata o 30 de setembro do ano 2017.

A prórroga non altera ningunha das condicións orixinais do contrato, manténdose as mesmas porcentaxes a aplicar sobre a recadación.

En canto ao crédito necesario e suficiente para facer fronte ao gasto, o orzamento aprobado con carácter definitivo polo Pleno da Corporación en sesión do 9 de decembro de 2015, para o ano 2016, a aplicación 9340.2270800, ten unha dotación de 3.689.840,72 euros para esta finalidade, sendo nun principio suficiente para facer fronte ás obrigas que afloren en relación coa execución do contrato.

Así mesmo, as Bases de Execución do Orzamento, na Base 13ª, prevé como partida ampliable en función da recadación, a aplicación 9340.2270800, sempre relacionada coa recadación do concepto 39120, por recadación do exercicio corrente coma de exercicios pechados.

En consecuencia, a prórroga non engade carga orzamentaria suplementaria, sendo os créditos sinalados axeitados para que órgano competente adopte o acordo de prórroga.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**33(564).- PRÓRROGA DO CONTRATO MAIOR DE SUBMINISTROS DE PIENSOS E DEMAIS ALIMENTOS PARA A MANUTENCIÓN DOS ANIMAIS DE VIGOZOO. EXPTE. 5212/12.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24/05/16 e o informe de fiscalización do 31/05/16, dáse conta do informe-proposta do 24/05/16, do director de Réxime Interior-Zoo, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**“ANTECEDENTES:**

Con data 12 de xuño de 2014 o Consello de Administración do OO.AA. Municipal Parque das Ciencias VigoZoo, adxudicou o contrato para o subministro de pensos e demais alimentos para manutención dos animais de VigoZoo a favor da Empresa “PÉREZ GROGA

CARAMUXO, S.L.", con C.I.F. B36906279, por un importe total de 49.884,12 € (IVE engadido), e un período de execución de dous anos dende a sinatura do contrato, o 15 de xuño do 2014 ata o 14 de xuño do 2016, podéndose prorrogar expresamente por un ano máis, sempre que mediase acordo expreso do Consello de Administración de VigoZoo, e que o contratista non se opoña á mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato.

Indicar que, de acordo do Pleno Municipal de data 26 de outubro de 2015, polo que se aproba a modificación da modalidade na xestión directa dos servizos públicos de ocio e tempo libre (Parque das Ciencias VigoZoo), pasando VigoZoo a desaparecer como Organismo Autónomo Municipal para ser xestionado directamente polo Concello de Vigo. Como consecuencia, a competencia respecto a acordo expreso do Consello de Administración queda supeditada a dito cambio de xestión.

O contrato para o subministro de pensos e demais alimentos para manutención dos animais de VigoZoo remata o 14 de xuño do presente ano, e é necesario, se procede, iniciar o procedemento de prórroga do mesmo.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de contratación.

A estes efectos, infórmase sobre este aspecto:

- a) A duración do contrato é de 2 anos, dende o 15 de xuño do 2014 ata o 14 de xuño do 2016.
- b) Segundo a cláusula 4ª do contrato de referencia, poderá prorrogarse por un ano máis, sempre que medie acordo expreso entre o Órgano de contratación e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato.
- c) Non existe por parte da empresa "PÉREZ GROGA CARAMUXO, S.L." ningún documento que manifesta a súa desconformidade coa posibilidade de prorrogar este contrato.
- d) As características do contrato permanecerán inalterables coa prórroga do mesmo.
- e) Por parte deste Servizo de VigoZoo, non se aprecia ningunha circunstancia que impida a continuación do devandito contrato, xa que se está realizando o subministro de produtos obxecto do contrato con plena satisfacción, non existindo incidencias a destacar.

Tendo en conta o anteriormente exposto, conforme o Real Decreto legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a autorización para aprobación da prórroga do contrato tal como se establece na cláusula **cuarta** do contrato asinado por ambas partes o 15 de xuño do 2014, salvando as circunstancias indicadas anteriormente respecto nova xestión do

servizo de VigoZoo segundo acordo Plenario de data 26 de outubro de 2015, adoptando o seguinte acordo:

*PRIMEIRO: Autoriza-la prorrogar de UN ANO, o contrato para o subministro de pensos e demais alimentos para manutención dos animais de VigoZoo a favor da Empresa "PÉREZ GROGA CARAMUXO, S.L.", con C.I.F. B36906279, contado dende o día 15 de xuño de 2016, segundo se establece na cláusula **cuarta** de contrato asinado, no seu momento, pola Presidenta do extinto Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo e a Empresa "PÉREZ GROGA CARAMUXO, S.L.", con C.I.F. B36906279 o pasado 15 de xuño do 2014.*

*O importe de dita prórroga é de 24.942,06 €, que se imputará á partida orzamentaria 3371.221.05.00 "Pensos de animales", por importe de 11.516,96 €, correspondente ao período do 2016 (dende o 15 de xuño ata o 31 de decembro), e de 13.425,10 € que se imputará ao exercicio 2017 (partida 3371.221.05.00), correspondente ao período de 1 de xaneiro ao 14 de xuño do 2017.*

*SEGUNDO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 58 e 59 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 116 e 117 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.*

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **34(565).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE ORIENTACIÓN DE EMPREGO DA OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN XUVENIL DA CASA DA XUVENTUDE. EXPTE. 4700/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 02/06/16, da xefa do servizo de Xuventude, conformado pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

"Con motivo da "Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016" da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, na Orde do 21 de abril de 2016; dende esta Concellería presentamos unha **Proposta para a xestión do servizo de orientación de emprego da oficina municipal de información xuvenil da Casa da Xuventude.**



Os obxectivos da proposta:

- Localizar, organizar e difundir información relativa a emprego.
- Asesorar persoalmente a mocidade nas demandas e xestións derivadas da procura de emprego.
- Xestionar, difundir e acompañar a mocidade na súa inclusión dentro do programa nacional de Garantía Xuvenil.
- Realizar actividades de dinamización da información de interese a través da organización de accións de divulgación de diversa índole.
- Fomentar e garantir a recepción dos recursos existentes a nivel laboral a través da creación de diversos canles de difusión (Taboleiros, boletíns, redes sociais, web de xuventude, etc)
- Fomentar a participación da mocidade viguesa en accións de interese, promovendo a creación de novos canles de colaboración entre as institucións e a mocidade.
- Mellorar a capacidade de inserción laboral da xuventude do municipio de Vigo.
- Garantir a igualdade de dereitos facilitando novos recursos para acceder a información de interese xuvenil.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local:

*"1. Aprobar a proposta de subvención á Xunta de Galicia que se achega, dentro da "Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016" da **Consellería de Traballo e Benestar** da Xunta de Galicia (Orde do 21 de abril de 2016) por un **importe total: 8.295€ (Subvención solicitada do 75%: 6.221,25€. Concellería de Xuventude 25%: 2.073,75€)***

*2. Que se faculte a **Dna. Belén Mediero Rodriguez (DNI: 36063755P)**, como Técnico de Xuventude, para representar ao Concello de Vigo na solicitude da presente proposta de subvención."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**35(566).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me/rs

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.